



O FARELO

Nº17
Maio de 2018
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

600.000€
para a reforma
da Avenida de
Galicia de O
Porriño



Páxina II

Festival de
Jazz Primavera
2018 en
Ourense



Páxina IV

Ilustrando
Galicia, o
máis recente
en ilustración
de libros



Páxina IV

Entrevista a
Xurxo
Fernández
Carballido



Páxina XVIII

Os animalistas
piden a
prohibición da
Festa do Boi
de Allariz



Páxinas XXI

Bienal de
Cerveira:
seleccionados
143 artistas
de 26 países



Páxina XXIV



MARIA VICTORIA MORENO
Letras Galegas 2018

ESPECIAL DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Coa colaboración de Nemesio Barxa, Anxo Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, Martirena, Abraham Carreiro, Hortas, Moncho Mariño, Carlos Méixome, José Paz Rodríguez, Ramón Coira Luaces, Carlos Pazos Justo...

Páxina V a XVIII

Entrevista



Suso de Toro, escritor

“A educación que
recibimos en Galicia
impídenos coñecer
a cultura portuguesa”

Páxina XIV



La Gula 699 959 112 Valle Inclán, 18 Ourense



Galicia

600.000€ para a reforma integral da Avenida de Galicia de O Porriño

O Goberno local do Porriño acometerá a reforma e humanización integral da Avenida de Galicia, un proxecto que disporá dun orzamento total de 600.000€ e que estará financiado con cargo ao 'Plan Concellos 2018' da Deputación de Pontevedra.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, subliña que o obxectivo principal é o de "recuperar espazos públicos para os veciños" e para o cal, engade, "haberá elementos que van a dar resposta ás demandas dos cidadáns", coma un parque infantil, zonas verdes, espazos de lecer e partes que disporán de sombra de xeito que se poida gozar dos mesmos nos meses do verán.

Ao tempo que "se integra esta zona na nosa vida cotiá,



creando un lugar con atractivo e personalidade propia", tamén "apostamos polo impulso económico dunha das arterias do Porriño", buscando o incremento de número de establecementos e negocios de todo tipo, dende hostaleiros ata de novas tecnoloxías, cubrindo

un déficit dotacional e acabando coa falla de atractivo desta parte da vila pola que pasan cada día milleiros de persoas.

O prazo de realización dos traballos, unha vez sexan licitados e adxudicados, será duns 6 meses e os mesmos acome-

teranse sobre unha distancia total duns 450 e máis de 2.270 metros cadrados de superficie, incluíndo a medianeira que separa os carrís de cada sentido de circulación.

Considerando que a Avenida de Galicia é unha das principais vías de acceso ao casco urbano, as obras vanse realizar en dúas fases coa finalidade de reducir ao máximo as molestias que poidan ocasionar.

Os traballos, ademais das melloras dotacionais e estéticas, abranguerán unha nova rede de conexión de pluviais, instalación de luminarias e xardineiras, adiamento da praza e das beirarrúas, reposición de pavimentos e mobiliario urbano, plantación de árbores, colocación de xardíns ou a instalación dunha pérgola de follas.

Levada Libre edita un Caderno sobre o Pacto de Tui

O próximo día 11 de maio, a sección de Divulgación de Historia do colectivo para a recuperación e promoción da memoria de Tui Levada Libre, vai presentar un cadernillo monográfico dun acontecemento histórico acaecido nesta cidade: O Pacto de Tui. A presentación será nos locais do Casino de Tui ás 11 da mañán.

O cadernillo, escrito dunha maneira didáctica, será repartido gratuitamente entre a comunidade escolar e nas casetas dos libeiros instalados no Paseo da Corredora de Tui, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Apresentação dos investimentos no centro histórico de Monção

Município mostrou o futuro do centro histórico em seis painéis localizados na Praça Deu-la-Deu. Intervenções abrangem a Rua 25 de abril, Avenida da Estação, Praça da República, Rua General Pimenta de Castro, Largo da Alfândega, Rua Eng. Duarte Pacheco, Rua da Independência e Paços do Concelho.

A melhor forma de homenagearmos os valores de abril, é projetarmos o futuro da nossa

terra com investimentos estruturantes direcionados para a concretização de dois objetivos. Por um lado, valorização da qualidade de vida dos monçanenses. Por outro, criação de motivos apelativos para cativar os visitantes.

Os projetos urbanísticos, apresentados ontem na Praça Deu-la-Deu, com explicação do Vereador das Obras Públicas e Urbanismo, Duarte Amoedo, assumem essa dupla particularidade, garantindo espaços pú-

blicos renovados, disciplinando a circulação/parqueamento do trânsito e privilegiando áreas e percursos pedonais.

Com estas intervenções, lançadas até setembro deste ano, o rosto do centro histórico altera-se por completo, configurando uma "revolução" urbanística que promete aumentar o fluxo turístico, sem perdermos a nossa identidade, e incrementar a rentabilização económica, liderada por um setor empresarial local ativo e dinâmico.

Com estes investimentos pretende-se assegurar maior atratividade ao centro histórico e potenciar a realização de atividades culturais. Exemplo: A Praça da República, com artéria vedada ao trânsito e um acesso pedonal das traseiras da Casa do Curro ao Cine Teatro João Verde, passará a permitir a realização de eventos de



vária ordem, transformando-se numa nova centralidade do casco urbano.

A principal entrada da vila, Rua 25 de Abril, vai tornar-se mais funcional e vistosa, substituindo-se o inestético muro de suporte de terra atual por um espaço comercial com acesso à zona da antiga estação da CP. Um projeto ousado digno de um povo confiante no futuro.

Estes Investimentos, executados na Rua 25 de abril, Avenida da Estação, Praça da República, Rua General Pimenta de Castro, Largo da Alfândega, Rua Eng. Duarte Pacheco, Rua da Independência e Paços do Concelho, constituem uma aposta forte do atual executivo presidido por António Barbosa que, acredita, será acompanhado pela iniciativa privada na requalificação dos imóveis.



Un libro relata a historia do emblemático edificio Castromil e do seu antecesor, o Quiqui Bar, símbolo no seu día de modernidade en toda Galicia

O Consorcio de Santiago e Edicións Positivas acababan de publicar o libro *De Quiqui Bar... a Castromil*, de Francisco Macías, director de Edicións Positivas.

O Quiqui Bar construíuse entre os anos 1925 e 1926 sobre un solar baleiro. O resultado foi un edificio modernista promovido polos composteláns Manuel Ramallo Gómez e Ángel Gontán Sánchez e ideado polo arquitecto coruñés Rafael González Villar. Con el elevouse a calidade dos establecementos santiagueses ata niveis nunca antes coñecidos. O máis avanzado da época no eido construtivo estaba alí, dende un chan poroso ata escaleiras de mármore, xunto ás súas famosas vidreiras. E poñía as novas músicas e os novos gustos ao alcance de todos, de xeito que non tardou en converterse nun símbolo de modernidade en toda Galicia.

Na planta baixa estaba o restaurante, rodeado dunha chea de mesas de mármore para xogar, sobre todo ao dominó e aos naipes. Na parte superior había salas destinadas ás tertulias e un amplo local para bailes, concertos... E mesmo había xa espazos para fumado-

res. A zona sur do edificio remataba nunha parede lisa á que se pegaban varios quioscos de venda de complementos para gozar mellor dos espectáculos ou dos xantares.

Castromil

Pero a quebra económica chega en 1929 e aparece Evaresto Castromil, que compra o edificio para acoller as oficinas da súa empresa de autobuses, que se instalarán na planta baixa. A Comandancia Militar e a Subdelegación de Facenda pasaron a ocupar a parte superior. O empresario quixo vivir na planta superior pero a súa dona non aturaba a contaminación que provocaban os autobuses nin o ruído. E foi esa, segundo distintas voces, unha circunstancia clave no futuro do edificio. "Se a familia Castromil continuase vivindo no inmovible é posible que nunca se demolese", indica Francisco Macías.

"No ano 1972, a densidade do tráfico obriga a facer unha estación de autobuses, á que se traslada Castromil, deixando o que fora Quiqui Bar abandonado, silenciado e baleiro. En 1974 Santiago xa medrara moito e, co Ano Santo 1976 preto, os coches solicitaban paso para eles e os condutores aparcar o

máis preto posible da zona vella e das súas casas", explica o autor. Así, en maio de 1975, o Concello anuncia un concurso para a reordenación da entón chamada Praza de Gelmírez e para a construción e explotación dun estacionamento urbano e derribo das edificacións existentes. En setembro dese ano comezou o proceso de derrube do edificio Castromil, que rematou no mes de decembro.

Os coches como eixe urbanístico

"O edificio modernista que naceu como Quiqui Bar e acabou sendo coñecido como Edificio Castromil é unha desculpa para falar da época da súa construción, da vida compostelá dos anos 20 do século pasado, da economía, a arquitectura, o urbanismo, a música, os cafés... da cultura. E, ademais, das épocas tristes que mataron este rexurdimento, os anos 70. E, como non, dos motivos e os protagonistas da demolición e das resistencias e resistentes a tales intencións", manifesta Francisco Macías. O autor salienta que a finalidade desta publicación é "lembrar e, xa de paso, saber máis para coñe-



Unha das últimas fotos do antigo edificio



Imaxe actual da Praza de Galicia


cermos mellor Compostela".

O autor destaca que *De Quiqui Bar... a Castromil* "é unha historia da cidade. A destrución do casal que ocupaba todo o centro da actual praza de Galicia sucedeu na época de inicio do desarrollismo, o que implicou unha certa aculturización e falsa modernidade que desprezaba o antigo e facía dos coches o eixo do urbanismo compostelán. A destrución deste edificio e de toda a praza é unha das primeiras vítimas do que algúns consideran aínda hoxe o auténtico protagonista das políticas urbanistas e económicas, o automóbil".

Macías sinala que "se ben a resistencia á demolición foi escasa, si que debemos recoñecer e loar todas as persoas e organizacións que se opuxeron e

mesmo traballaron en facer propostas alternativas aos intentos municipais de demoler unha riqueza só para construír un aparcadoiro. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e principalmente determinados arquitectos, loitaron por protexer un ben común, un inmovible fermoso e útil para a poboación".

"Como o edificio Castromil segue na memoria dos composteláns, é polo que publicamos este libro, para comezar a aclarar unha cronoloxía da vida do edificio, da praza, e mesmo dalgúns aspectos da cidade e dos protagonistas. Aínda hoxe non se comprenden nin se aceptan os motivos da demolición, motivos que si se entendían naquela época recente", apunta o autor.



Debuxo dunha proposta sociocultural dun grupo de arquitectos para non derrubar o edificio.

Galicia

Festival de Jazz Primavera 2018

A coruñesa María Toro e o seu cuarteto pecharán o 14 de xuño a XXII edición do Festival de Primavera que se celebra en Ourense desde o día oito de abril. María Toro coa súa frauta, Moisés Sánchez, no piano, Munir Honss co baixo e Carlos López á batería darán por finalizado o Festival de Jazz que organiza e patrocina a Fundación Florencio Álvarez e Café Latino.

A programación de maio iniciárase o día 11 coa actuación do saxofonista Bill Evans e seguirá o día 14 co trío de Lew Tabackin. O día 16 actuarán Duquenne e Paco Heredia. O cuarteto de Harry Allen actuarán o día 21 e o

saxofonista Kenny Garret o fará o 23 de maio. Tódalas actuacións serán ás 11 da noite en Café Latino, con 15 euros por entrada, agás a de Bill Evans que será na Praza de Santa Eufemia.



O saxofonista Bill Evans actuará na Praza de Santa Eufemia o día 11



O festival de Jazz celébrase no Café Latino.

A Coral Ruada abre o prazo para participar no Premio Xabier Prado Lameiro

A Coral de Ruada abriu o prazo de presentación de candidaturas - que pecharase o 15 de setembro - ao Premio Xabier Prado Lameiro, de periodicidade anual e que, organizado en colaboración co Concello de Ourense, pretende premiar o labor desinteresado daquelas persoas ou colectivos que destaquen polo seu compromiso coa cultura de Galicia, fundamentalmente no eido do folclore e, máis concretamente, na música popular e polifónica galega.

Calquera persoa -coralista ou non-, entidade ou colec-

tivo poderá facer chegar mediante o correo electrónico "info@coralderuada.com" ou o correo ordinario (Coral de Ruada; Rúa da Paz, 9; 32005 Ourense) propostas de candidaturas, xuntando, con cada unha, memoria na que se detallen os méritos da persoa ou colectivo que se propoñen como candidatos ao Premio.

O acto de entrega do premio farase preferentemente arredor do 5 de outubro de cada ano -aniversario da reunión fundacional do Coro de Ruada que tivo lugar na Vila Joaquina da avenida de Zamora.

Ilustrando Galicia, mostra do máis recente en ilustración de libros

Os espazos culturais municipais de A Coruña acollen dúas novas exposicións.

Na Casa de Cultura Salvador de Madariaga, Ilustrando Galicia. 2016-2017, unha mostra que pretende achegar á veciñanza a realidade máis recente da ilustración de libros no país. A exhibición reúne a obra gráfica de 23 artistas entre os que se atopan creadores e creadoras galegas, ou que se estableceron en Galicia, de ampla traxectoria, así como unha nova xeración que inicia a súa andaina neste eido. Así, o público coruñés poderá coñecer a obra de Marcos Viso, Lucía Cobo, Dani Padrón, David Pintor, Marina Seoane, Óscar Villán, Nuria Díaz, Xan López Domínguez, Víctor Rivas, Andrés Meixide, María Brenn, Xosé Cobas, Marc Taeger, María Lires, Manuel Uhía, Ánxeles Ferrer, Jacobo Fernández Serrano, Ignacio Hernández, Olaya Naveira Souto, Ana Pedreira, Antonio Seijas, Luz Beloso e Rodrigo Chao.

A maior parte das ilustracións pertencen a libros dirixidos ao público lector de entre 6 e 12 anos, e que abranguen historias humorísticas, fantásticas, imaxinativas, cheas de movemento e cor. Na

exposición poderase observar as diferencias entre ilustrar texto narrativo e poético, e haberá ocasión para coñecer os álbums ilustrados, volumes de gran formato nos que texto e ilustración se complementan para constituír unha nova linguaxe na que a parte visual é a que achega a maior parte do significado. Por último, a veciñanza da Coruña tamén terá a oportunidade de ver o traballo máis recente vinculado aos libros-disco, vinculados ao público infantil e que recollen música e cancións que se presentan en exemplares ilustrados. Ilustrando Galicia. 2016-2017 poderase visitar até o 3 de xuño no horario habitual da sala de exposicións da Casa de Cultura Salvador de Madariaga, o recinto municipal especializado na exhibición de ilustración e banda deseñada: todos os días, de 12.00 a 14.00 horas, e de 18.00 a 21.00 horas en Durán Loriga, 10.

Na Fundación Luis Seoane pódese visitar a instalación de Pepe Galán, Lume e ferro, a produción queimada, un traballo



realizado especificamente para o patio da institución cultural. A peza, que se poderá ver até o 8 de xullo, o escultor coruñés expresa a preocupación das e dos artistas visuais por afrontar a súa profesionalización e a súa dignidade como traballadoras e traballadores da arte a través do efecto simbólico do lume. A instalación forma parte do proxecto A volta dunha ausencia, iniciativa coa que Galán retoma a súa actividade expositiva, e na que a escultura segue a ser o seu principal vehículo de expresión.

Titanic the reconstruction na Coruña

A coruñesa praza do Parrote acolle ata o 13 de maio unha exposición sobre o Titanic organizada pola Fundación Titanic.

O público poderá contemplar unha espectacular maqueta do Titanic con todo tipo de detalles, reconstrución a escala 1:30 de 12 metros de longo, ademais de diversos contidos relacionados co emblemático barco.

A visita ten unha duración dunha hora e media e comezará co visionado dun documental producido pola Fundación Titanic.



Letras Galegas 2018

María Victoria Moreno

María Victoria Moreno foi unha escritora galega. Que algúns textos falen dela como "estremeña" é unha confusión debida ao descoñecemento de datos biográficos da súa infancia. Luís Seoane foi un pintor e escritor galego –non arxentino– malia nacer en Buenos Aires, e Italo Calvino un escritor italiano nacido en Cuba. O nacemento de María Victoria en Valencia de Alcántara (Cáceres) foi circunstancial. Nin a súa nai nin o seu pai tiñan raíces en Estremadura; Sara Márquez, malagueña, e Vicente Moreno, toledano, casaran en 1937, estando el mobilizado na guerra. Ela ficou vivindo na casa do seu irmán na vila estremeña onde naceu María Victoria o 1 de maio de 1939 –hai outra confusión difundida pola propia autora, que afirmaba ter nacido en 1941–. Logo duns anos en Badaxoz o seu pai foi destinado en 1943 a Segovia, onde viviron até 1949, ano da morte de Vicente. Sara Márquez, rematada a excedencia que solicitara como mestra, puxo escola en Sepúlveda e alí foi vivir a familia. Os estudos

de María Victoria delongáronse dous anos debido á situación económica, que non permitía enviar unha filla a estudar fóra, e á ausencia en Sepúlveda de instituto, pois unicamente existían nas capitais de provincia e nalgunha cidade máis. En 1951, grazas a unha bolsa, marchou para Barcelona a cursar o bacharelato elemental, que ía dos 10 aos 14 anos, e o superior, dos 14 aos 17. Ela tiña 12 anos, o que pode explicar por que decidiu mudar a data de nacemento, para facela coincidir coa das súas compañeiras. En Barcelona aprendeu catalán e francés, e sobre todo descubriu a literatura, lendo por vez primeira o Quixote ou O príncipiño, que se habían converter nas súas obras favoritas. No verán volvía ás aldeas segovianas onde exercía de mestra a súa nai. De 1958 a 1963 estudou Filosofía e Letras, sección de Filoloxía Románica, na Universidade Complutense de Madrid. Alí coñeceu a José Luis Llácer, invidente, con quen casou ao finalizaren a carreira e co que se trasladou a Pontevedra en 1963, por ser el contratado no Colexio da



ONCE. En Pontevedra viviu máis de corenta anos, até a súa morte en 2005 pois, aínda que deu clase dous anos en Lugo e catro en Vilalonga, a súa casa sempre estivo nesta vila. Podería ser máis acaído dicir que era máis segoviana ca estremeña, aínda que tamén viviu sete anos cruciais da adolescencia en Barcelona ou cinco en Madrid antes de se instalar en Galicia. Á fin, debemos darlle a razón cando afirmaba ser galega: é a terra

onde viviu máis tempo e sobre todo a terra e a lingua con que se identificou.

A historia de amor entre María Victoria e Galicia comeza en Pontevedra. Logo de dar aulas como interina nesa cidade, en 1965 aprobou as oposicións, sendo destinada ao Instituto Masculino de Lugo, onde ensinaba Xesús Alonso Montero, con quen manterá unha estreita amizade durante toda a súa vida. Grazas a el mergúllase na lingua e sobre todo na literatura

galega: "A actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeiros de quen foi o meu mestre, de quen me honro en recoñecer como mestre" escribiu no artigo "O mestre das palabras", sobre Alonso Montero. Desde ese momento María Victoria converteuse nunha activista a prol da lingua galega, un compromiso vencellado ás reivindicacións de democracia e xustiza social. Ao regresar a Pontevedra en 1967 impartiu Literatura

Pasa á seguinte páxina....



Letras Galegas

Ven da páxina anterior.

castelá no Instituto Feminino (agora Valle Inclán). Lembran as súas alumnas, entre elas Rosario Álvarez Blanco, que con María Victoria aprenderon tanto a tomar conciencia da realidade lingüística e cultural de Galicia como a gozar da literatura. Na ditadura franquista non se ensinaba lingua galega nin moito menos en galego, mais María Victoria dedicaba parte das clases de literatura española dos venres a ensinar literatura galega, a que as alumnas practicasen a escrita de textos en galego. Nese contexto de represión, o seu compromiso coa lingua expresouse tamén nos cursos de galego –a título voluntario, non remunerados– organizados pola asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, nos que participou desde 1972, dirixidos a mestras, mestres e persoas que non tiveran a posibilidade de estudar a nosa lingua. Unha participación que resultaba sospeitosa para o réxime, sobre todo se os cursos eran organizados por entidades como o Ateneo de Ourense, dirixido por Manuel Peña-Rey, de coñecida militancia

comunista, e considerado un niño de subversión. Como represalia, en 1974 foille retirado o pasaporte. A contribución como escritora de María Victoria á lingua e á cultura do país foi moi importante; con todo, poida que o fose aínda máis a súa actividade como profesora que, como reiterou en artigos e entrevistas, era a súa paixón.

O ano 1973 convértese nunha data significativa na súa traxectoria por varias razóns. Desde o punto de vista persoal por iniciaren José Luís e mais ela o proceso de adopción dos seus fillos Begoña e Carlos, completado formalmente en 1975. Edicións do Castro publica o seu primeiro libro, *Mar adiante*, en que vai incluído o relato "Clarisca e Luceiro", que acadara o segundo lugar no Premio O Facho. Esta primeira edición leva ilustracións da autora, como a utilizada pola RAG para felicitar o Nadal en 2017; en 2009 o libro foi reeditado por Edicións Xerais. Edita outrosí a antoloxía bilingüe *Os novísimos da poesía galega*, que recollía textos de dez poetas nados despois de 1943,



entre eles Xosé Vázquez Pintor, Xesús Rábade Paredes, Margarita Ledo e Darío Xohán Cabana, sendo responsable tanto da selección como da tradución ao castelán. E abre en Pontevedra, xunto a oito socias e socios, a librería Xuntanza, onde se vendían, entre outros, libros como os de Castelao e Miguel Hernández prohibidos pola censura e editados fóra de España, sobre todo en Buenos Aires. Isto é unha mostra das múltiples actividades que levou a cabo en relación cos

libros: escritora, profesora de literatura, tradutora, editora, libreira ou conferenciante.

A publicación de *Mar adiante* tivo grande impacto na prensa, convertendo a María Victoria nunha das autoras pioneiras da literatura infantil galega. É a historia, contada en primeira persoa, dunha mestra, na que non é difícil identificar a autora, que pon escola nun barco, o Arroás. Canda ela navegan Miguel, o mariñeiro que o fabricara, o capitán Xosé Luís, Lola a cociñeira, que aprendeu a camiñar sobre a auga, e mais once rapazas e rapaces. O libro constitúe un manifesto a favor dunha escola diferente, en contacto coa natureza, a favor dunha relación de respecto e agarimo co alumnado, que María Victoria defendía tanto nas súas novelas como na súa vida. Unha escola en que ningún mestre ameazase os rapaces de Portosouril con guindalos ao mar cos libros amarrados ao pescozo, unha escola en que se aprendía ollando para as estrelas e mesmo facendo trasnadas.

Mar adiante foi seguido por

"O cataventos" (1979) que acadou o Premio O Facho, *A festa no faiado* (1983), e *Leonardo e os fontaneiros* (1986). Este último é un exemplo da intensa relación de María Victoria cos animais, un cariño reflectido na súa vida e en moitos dos seus libros. Leonardo, o protagonista, é un can de palheiro, un can sen dono que se converte en amigo e confidente de Antón Andrade, rapaz de catorce anos moi dado a levar a cabo falcatrudas, xunto cun feixe de compañeiros de escola coñecidos como os fontaneiros. María Victoria adoitaba chamar "os meus cachorros" tanto aos seus cans como ao alumnado e gabábase de tratalos igual. Afirmaba non facer nunca cos animais o que non faría coas persoas, pois entendía que quen lle fai mal a un animal indefenso tamén é quen de llelo facer ás persoas. Tampouco os alimentaba cos desperdicios da comida, aínda que si lles entregaba os libros de mala calidade para que xogasen con eles até os desfacer. Outros textos seus protagonizados por

MARÍA VICTORIA MORENO E A LINGUA GALEGA

"SIMPLEMENTE UNHA HISTORIA DE AMOR"

17 de maio Día das Letras Galegas

XUNTA DE GALICIA
xunta.gal

ELIXE GALICIA

galicia
o bo camiño

Ven da páxina anterior.



animais son E habrá tirón de orellas? (1997), historia da cadela Alma –homenaxe a dúas cadelas que tivo a autora e ás que deu o mesmo nome– perdida, logo de se afastar da casa, "Can branco, can negro" e "Un cachiño de bica?" dúas historias en verso que forman parte, xunto con "Xa non teño medo" do libro Eu conto, ti cantas... (2005), o último que viu publicado en vida.

Ademais de historias infantís ou xuvenís, a mediados dos 80 publicou xunto con Xesús Rábade Paredes e Luís Alonso Girgado libros de texto de Literatura galega.

Outros fitos relevantes producíronse en 1988. Neste ano Galaxia, por decisión de Carlos Casares, na altura o seu director, crea a colección Árbore de literatura infantil, que será dirixida durante dez anos por María Victoria Moreno, Antonio García Teijeiro e David Otero. O obxectivo, segundo David Otero, era dispoñer de literatura en galego para todas as idades,

dar visibilidade á escrita en Galicia, así como publicar traducións ao galego de libros de calidade. Tamén en 1988 publica Anagnórise, recoñecido en 1990 na Lista de Honra do IBBY (Consello internacional de libros para a mocidade), que selecciona cada dous anos libros excelentes nas distintas linguas. Anagnórise está considerado o seu mellor libro e un clásico da literatura xuvenil galega. É a historia de Nicolau, un adolescente de dezasete anos que fai autostop, fuxindo da casa e da súa vida anterior, e Xulia Andrade, unha muller afouta que o leva no seu coche e que ten moito da autora. Nas conversas da longa viaxe entre unha vila da beiramar galega e Madrid, Xulia fai reflexionar a Nicolau sobre a súa identidade, o que fixo na súa vida e o que quere facer en diante xa que segundo ela "as persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos". É esta unha das frases máis coñecidas de María

Victoria, e figura gravada na placa que o concello de Pontevedra colocou en 2006 na ponte da avenida de Vigo. Aínda que era recoñecida desde os anos setenta como unha das autoras de máis calidade da literatura infantil e xuvenil galega, Anagnórise consolidou a súa consideración como parte do canon.

En xaneiro de 1996 morreu o seu home, José Luis Llácer, e en 1997 foi diagnosticada de cancro de mama. Comezou a loita contra a doenza, os tratamentos, a quimioterapia, o que a leva, segundo as súas propias palabras "a escribir a contra o reloxo". Ao mesmo tempo, esforzouse por continuar a súa vida, dando clase durante cinco anos máis, até 2002, en que a súa saúde a obrigou a xubilarse: "Pensei que sendo unha todo terreo podería superar o cancro, pero non quero que os meus alumnos paguen a miña vellez e enfermidade. Na aula estou de marabilla e, a pesar de que levo cinco anos

enferma, só faltei ás clases os días de chute". As aulas, a relación co alumnado, eran para ela un paraíso, un espazo onde acougar, deixando o cancro fóra das portas da escola por unhas horas.

En 1999 publicou a novela xuvenil Guedellas de seda e liño, recoñecida na Lista White Ravens da Biblioteca Internacional para a Mocidade de Múnic en 2002. Como Anagnórise, o libro explora os conflitos de identidade na adolescencia, neste caso a través de dúas rapazas, Rato Chus e Vanessa, e do misterio dunhas incertas orixes. As inquedanzas sociais da autora exprésanse no contraste entre o pazo, onde vive Rato Chus, e a marxinación de Vanessa e os xitanos do arrabalde, "acusados xa pola cor da súa pel". En 2002 iníciase unha relación co mariño cubano Pedro Ferriol, a raíz dunha carta que el envía a través da editorial gabando Leonardo e os fontaneiros. As cartas, chamadas telefónicas e correos electrónicos culminan en sendas declaracións de amor, e a voda en maio de 2003.

María Victoria Moreno foi unha autora de literatura para a xente nova, mais non só iso. A reflexión sobre a súa experiencia co cancro reflíctese nun libro excepcional, o ensaio Diario da luz e a sombra (2004), no que combina a análise descarnada da enfermidade, as súas consecuencias, a recepción social, os cambios no comportamento dos demais, incluíndo a ocultación, con humor e ironía. Un par de horas antes da presentación do libro, o 13 de decembro de 2004, comunicáranlle que tiña metástase, o que significaba unha sentenza de morte. Porén, presentou o libro con serenidade e dignidade, a mesma da que fixo gala durante toda a doenza. En 2005 Pedro Ferriol pasou a ordenador a primeira novela escrita por María Victoria, aínda en castelán, en 1969, e enviouna a un premio en Salamanca, premio que aca-

dou e foi recoller poucos meses antes da súa morte. Traducido ao galego, segundo vontade da autora, por Xavier Senín, Onde o aire non era brisa (2009) foi publicado postumamente. É unha crónica da dura vida das mestras –probablemente inspirada na súa nai – nunha vila imaxinaria de Castela, nos anos 60. Está artellada ao redor das metáforas do leite: por unha banda a mestra fornecedora de leite físico, o da axuda americana, e intelectual, para acalmar a sede de coñecemento do alumnado; pola outra o espolio do alcalde e as forzas vivas da vila, acaparando o leite en po, simboliza a rapina levada a cabo polos franquistas. Elexías de luz, publicado en 2006, reúne cinco cadernos de poemas, nos que agroman tanto a súa sensibilidade como a ironía e a crítica.

Nos últimos anos da súa vida María Victoria recibiu numerosas homenaxes, dos libbreiros na Feira do libro de Pontevedra, do profesorado do IES Torrente Ballester, o último no que dera clase e ao que legou a súa colección de libros, e outras que non viviu para presenciar, como a do Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra, en 2006. Morreu o 22 de novembro de 2005.

Como apunta Isabel Soto, algúns trazos fundamentais da obra de María Victoria son o lirismo, a conversión dos animais en protagonistas e a crítica a un ensino reseso. Contribuíu, xunto a outros autores e autoras da súa xeración, a situar a literatura infantil e xuvenil galega nun lugar digno; a poñer en valor o uso da lingua galega, falándoa e escribindoa ben, a meterse na pel dos personaxes e gozar coa literatura, coa beleza das palabras. Toda a súa vida é un exemplo de compromiso coa causa da lingua galega e da xustiza social.

Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey

Letras Galegas

Redacción

Unha ampla programación percorrerá a vida e obra de María Victoria Moreno en Pontevedra

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, acompañou o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, e o concelleiro de Normalización Lingüística, Alberto Oubiña, na presentación da programación que se desenvolverá en Pontevedra arredor da figura de María Victoria Moreno co gallo do Día das Letras Galegas. A Academia dedícalle o vindeiro 17 de maio á escritora e docente, que se estableceu nesta cidade nada máis chegar a Galicia en 1963. O día anterior resolveuse no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra o I Premio de Narrativa Xuvenil María Victoria Moreno, acadado por Antonio Manuel Fraga por O bestiario científico de Anxos Nogueirosa, e o xoves 26 proxecciónase un documental sobre a autora, a partir das 20:30 horas, no Teatro Principal. Neste espazo celebrará tamén a RAG a sesión extraordinaria do Día das Letras Galegas, unha celebración pública na que tomarán a palabra para lembraren a María Victoria Moreno tres membros

de número da institución: Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre e Xesús Alonso Montero.

Para o xoves 26 de abril está prevista a proxección dun documental sobre a figura da escritora, María Victoria Moreno, galega por amor, no que participan persoas que a coñeceron ben, como Fina Casalderrey, Manuel Bragado... Será ás 20.30 horas no Teatro Principal.

O venres 27 de abril, ás 12:00 horas, está previsto o acto oficial de cambio do nome da rúa Fernández Ladreda polo de María Victoria Moreno. Participará o presidente da Real Academia xunto á familia da escritora, entre outras autoridades e persoas convidadas.

O 1 de maio, ás 11:00 horas, descubrirase unha placa no número 15 da avenida de Vigo, onde viviu María Victoria Moreno.

O sábado 5 de maio, ás 19:00 horas, está prevista a presentación do libro O escalón de Ulises. Un paseo pola Pontevedra dos afectos de María Victoria Moreno, a mestra que escribía libros, de Montse Fajardo. Será no paseo de Valle

Inclán, en Campolongo.

O 8 de maio celebrárase o Correlingua, unha nova ocasión para recordar a unha muller que soubo transmitir o compromiso coa lingua do país tanto na súa produción literaria como no activismo cultural e no labor como docente. A partir das 10:30 horas percorrerá distintas rúas da cidade.

Os días 8, 9 e 10 de maio as Letras Galegas tamén estarán moi presentes no programa escolar Ben veñas, maio, coa vixésima mostra de teatro, o certame de música e a entrega dos premios dos concursos de fotografía, banda deseñada, narración curta, poesía e curtametraxe.

O 16 de maio será o concerto Día das Letras Galegas promovido polo Consello da Cultura Galega, no que se estreará unha peza musical composta por Miguel Matamoro sobre un texto de María Victoria Moreno. O concerto será na sede de Afundación, e estará precedido por unha recepción oficial do alcalde Miguel Anxo Fernández Lores aos membros da Real Academia Galega e do Consello da Cultura no Café Moderno.



O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, intervén na rolda de prensa xunto ao alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, e o concelleiro Alberto Oubiña. Fonte: Concello de Pontevedra

O 17 de maio será o día do pleno extraordinario da Real Academia Galega en Pontevedra. Comezará ás 12:30 horas no Teatro Principal. Segundo desvelou esta mañá o presidente da RAG, neste plenario, aberto ao público, intervirán o académico Xesús Alonso Montero, que mantivo unha estreita relación con María Victoria Moreno desde que foron compañeiros de departamento, nos anos 60, no Instituto Masculino de Lugo; a académica Marilar Aleixandre, que tamén a coñeceu persoalmente e moi vencellada, como ela, á literatura infantil e xuvenil; e a académica e escritora pontevedresa Fina Casalderrey, outra integrante da institución que coñeceu ben a María Victoria Moreno, autora de libros para o público máis novo e tamén docente.

A cidade continuará a inmersión na vida e obra de María Victoria co acto do Día

das Letras organizado pola Asociación Sociocultural do Burgo, na praza de Curros Enríquez ás 19:00 horas do mesmo día 17. Participará tamén nel a Banda de Música de Pontevedra.

O 18 de maio, na avenida de Montero Ríos, inaugurarase a exposición Os Bolechas e as variedades dialectais, organizada pola Deputación de Pontevedra.

O 19 de maio celebrárase o Día das Letras na parroquia de Ponte Sampaio coa inauguración dunha exposición e unha conferencia de Montse Fajardo. Será ás 20:00 horas no local da asociación de veciños Santa María de Ponte Sampaio.

A tradicional recepción do alcalde ás asociacións da cidade que colaboran activamente na promoción da lingua durante todo o ano será o día 30 de maio, ás 20:00 horas, no Pazo de Mugartegui.

www.novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - PORTUGAL: Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho - MADRID: Juan Louzán - BARCELONA: Fdez. Valdeorra - PAIS BASCO: Nicolás Xamardo - CANARIAS: Fco. Puñal - NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Félix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Esquecidos e ignorados

Nemésio Barxa

Há poucos días comentava com a minha compañeira de despacho, Elsa Quintas, meus primeiros contactos com a literatura galega e em galego. Como fillo de Mestres da República, cultos e libertarios, convivim desde neno com libros, não só com os propios da escola senão também com revistas de divulgación e os destacados da literatura universal, española e na minha avidez de ler de todo, quando ja tinha capacidade mental para facelo, fui descubrindo no fondo da biblioteca de meu pai libros escritos no mesmo idioma que falava a gente o meu arredor, mas de escrita para mim desconhecida. Na aldeia os rapaces que iam comigo á escola e seus pais falavam um idioma que nem se falava na minha casa nem nas aulas. Com algo menos de oito anos passamos a residir de jeito continuado a Ourense (onde conseguírom escola meus pais), no ambiente que nos desenvolviamos socialmente o idioma meu seguía a ser o castelhano, mas sempre sentim magnetismo polo que utilizava a gente do comum, e sentim a curiosidade dos libros em galego que conservava meu pai, decidim lêlos e seduzírom-me.

Daqueles libros, que ainda conservo em lugar destacado da minha biblioteca de máis de 7.000 volumes, alguns som da autoria de vultos da nossa literatura; Queixume dos pinos, de Pondal, O Porco de Pé, de Risco, os Cantares Gallegos, de Rosalia, A Patria do Galego, de Antón Vilar Ponte e toda a obra de Lamas Carvajal e de Prado Lameiro. Mas outros, precisamente os máis de meu gosto de neno, som de autores que tes que pescudar en biografías, bibliografías ou simplemente recensións ou ámbitos muito locais.

Lembro, e conservo, com especial afecto o titulado “Contos Vianeses”, de LAUREANO PRIETO, de A Gudiña (eu de Viana). Mestre, como meus pais, emigrado a Cuba, como meu pai, etnógrafo amador e escritor. Conforma o volumen uma cheia de contos recolhidos em toda a comarca, com a peculiaridade de que identifica a pessoa que o relatou e máis sua vizinhança; o volumen que tenho na minha biblioteca foi adicado polo autor a meu pai. Temos que pensar que Viana do Bolo é uma comarca fe-

chada e com maus acesos, com necesaria autarquía incluso cultural que propiciou a existencia de contos, relatos, representacións teatraes, regueifas, etc., netamente populares. Laureano Prieto foi considerado por seus vizinhos que na actualidade derom nome na sua memoria a um Colegio público en A Gudiña e uma rua em Ourense.

ROGELIO RIVERO natural de As Neves, jornalista, foi redactor de “El Tea de Pontearreas” no que tinha uma sección de contos que posteriormente recopilou em formato libro, conservando eu (sempre meu pai) o intitulado “Aturuxos.(Contos Gallegos)”, do ano 1.935. A recopilación dos contos e edición em libro comeza com o volume que titula “Fungueirazos”, em 1.916 publicando o último 1.936 que titulou “Desfile de bandoleros”. Colaborou no “Noticiero de Vigo”, dirigióu “El Azote” e no semanario satírico “La Ráfaga” mantivo uma sección crítica titulada Aturuxos. Escreveu também quatro obras



de teatro.

MANOEL GARCIA BARROS (Ken Keirades), nasceu em A Estrada, foi pastor, torneiro, estudante e rematou a carreira de Mestre; foi director do jornal “El Estradense”, próximo aos movimientos agraristas e ás Irmandades da Fala. Colaborou no jornal “El Emigrado” publicando periódicamente seus “contiños da terra” que máis tarde recopilou no libro “Contiños da Terra” (1.931); autor também das “Aventuras de Alberte Quiñois”, ambos os dous na biblioteca de meu pai. Polas suas ideas políticas e pola sua rebeldía foi perseguido e encarcerado antes e depois do 36 e represaliado. Membro correspondente da

RAG, o Concello de A Estrada deu seu nome a um Centro de Estudos e instituiu um premio para novela longa também com seu nome. Célebre o testamento onde declara seu amor por Galiza.

MANUEL VIDAL RODRÍGUEZ, nado em Maceda, crego, escritor, docente, jornalista e investigador. Com Basilio Álvarez e Javier Vales dirigirom em Madrid a “Revista Galicia”, antiforal, agrarista e na que chegou a colaborar Castelao. Ja em Compostela asinou com Salustiano Portela Pazos e outros um manifesto a prol do Estatuto de Autonomia; foi protegido da Condesa de Pardo Bazán e amigo do arcebispo de Compostela Lago González. Sua produção literaria em narrativa, teatro, ensaio, e especialmente vencelhada ao mundo da docencia, é enorme. O idioma principal empregado na sua escrita é o castelhano. Eu conservo únicamente o libro titulado “Deixe que xa...cuentos y novelas cortas de asunto gallego”. Escrito parcialmente en galego.

MANUEL GARCIA PAZ nasceu em Compostela, foi seminarista, estudante de Filosofia das Universidades de Compostela e de Madrid, liceciouse e foi profesor de Instituto de Ensino Medio. Publicou na Revista NOS a novela corta “O abade Mouriño”, sendo sua obra máis destacada “IV Melodia. Desfile de campesiñada galega”, presente na minha bibliotrecas e adicado o exemplar a meu pai. Ao parecer deixou escritos, sem publicar, outros tres libros, I, II e III Melodias referidas respectivamente á mocidade, aos peleríños e aos mareantes. Gosto deste libro polo seu polido idioma, pola sua escolhida ortografía (excluíndo a reiteración inútil e inadecuada de tanto xis), polo enfoque argumental e porque um dos seus capítulos refírese a meu povo, Viana do Bolo, e numa copla de cego que titula “Romance do Maragato”, fala da minha aldeia, Caldesiños.

A temática em todos eles, excepto a “IV Melodia” de G^a Paz com argumento propio, é o conto popular, como os propios títulos indicam, que faciam máis facil sua difusión; provavelmente também esa propia temática fizo que eu, ainda neno, gostara deles pois de algum jeito reflectiam espazos da vida diaria e a picardia, trastenda e retranca nos tratos cotidianos dos aldeans entre sím e nas relacións con os “senhores”.




Foi máis tarde quando me inclinei pola poesía, especialmente de Curros, Lamas e Rosalia, libros que me acompañaron durante todos os anos que, por mor dos estudos ou do servizo militar, pasei fora de Galiza.

Hoje resulta curioso relêlos e comprobar a, para nos, curiosa ortografía, com muito trazo, muito apostrofe e muita i grega, a ingenuidade dos propios contos e a noticia de um mundo campesinho que completamente desapareceu ou do que restam mínimos residuos.

Hei agradecer sempre a meu pai que em tempos tanto difíciles, e sendo um mestre “depurado” que qualquera veleidade nacionalista podia ser duramente punida, conservase estes libros de cuia lectura fum conformando um sentimento de galegitude, ja desde neno, e de solidariedade com meu povo e minha nação galega.

Quinta do Limoeiro, Letras Galegas 2.018.



As mulleres e o Día das Letras Galegas: unha pinga no mar

Anxo Serafín Porto Ucha (Universidade de Santiago de Compostela)

Raquel Vázquez Ramil (Universidade de Valladolid)

Este ano 2018 o Día das Letras Galegas conmemora a figura dunha muller: M^a Victoria Moreno Márquez, profesora de ensino secundario e escritora de orixe extremeña, que cultivou a literatura infantil e xuvenil en lingua galega. É unha grata noticia xa que nos cincuenta e cinco anos de existencia da celebración, só catro mulleres mereceron o recoñecemento. Catro nomes de muller, entre cincuenta e cinco, son moi poucos; non falamos de paridade, nin de cotas, falamos de mera visibilidade. E cal é a causa dese escurecemento do feminino?

É ben sabido que o Día das Letras Galegas instituíuse o 17 de maio de 1962, para conmemorar a publicación da obra Cantares Galegos de Rosalía

de Castro. Precisamente foi Rosalía a primeira persoa que deu nome ao Día das Letras Galegas en 1963; parecía indiscutible que “a nai” da nosa literatura fora a pioneira, a imaxe máis coñecida das letras galegas, dentro e fóra do noso país. Pero logo houbo que esperar vinte e catro anos para atopar a outra muller merecedora da distinción: en 1987 celebrouse a figura de Francisca Herrera Garrido, autora de poemarios en galego e primeira muller electa para a Real Academia Galega, se ben nunca tomou posesión. Pasaron vinte anos ata que no 2007 a distinción correspondeu a María Mariño Carou, tamén poeta; e agora, no 2018 celebrámos a M^a Victoria Moreno.

A explicación para tan parca representación de mulleres radica nos requisitos establecidos para os nomeamentos: persoas que destacasen na súa defensa da lingua galega ou na súa produción literaria en galego e que faleceran dez anos antes, como

mínimo, da data conmemorativa. Tal vez sexa o momento de cambiar as esixencias e abrir o abano a máis mulleres, que as houbo e as hai, moi destacadas na súa defensa de Galicia e como representantes da súa terra en ámbitos diversos. Deixar á marxe a figuras como Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal porque escribiron en castelán non ten moito sentido; elas son letras de Galicia (que afinen os expertos entre letras de Galicia e letras galegas). Pero hai moitas máis, como Josefa Iglesias Vilarelle, mestra pontevedresa de Mourente, que en 1932 publicou Método de lectura, un manual de lectura para os nenos e nenas, en lingua galega. Cantas mulleres estiveron vinculadas ao Seminario de Estudos Galegos e hoxe seguen esquecidas! María Tobío, a bibliotecaria Luisa Cuesta, a pedagoga Sara Leirós, Celsa Pérez Moreiras... Todas fixeron Galicia e merecen ser recoñecidas. Catro nomes de muller



Método de lectura de Josefa Iglesias Vilarelle, publicado en 1932 nas publicacións escolares do Seminario de Estudos Galegos. Foi impreso nos Talleres Tipográficos Xulio Martínez de Pontevedra. Na Colección Encartes Sarmiento nº 1, hai unha edición facsímil, de outono do 2010.

en cincuenta e cinco anos non é facer xustiza a Galiza nin as letras galegas.

A Real Academia Galega amosa co gallo do Día do Libro as primeiras olladas ao Pergamiño Vindel tras a súa descuberta

O Pergamiño Vindel xa está de volta ao outro lado do Atlántico, na Morgan Library de Nova York, despois de permanecer durante seis meses en Vigo, á beira do mar na que Martín Codax seguramente escribiu as sete cantigas de amigo reproducidas neste manuscrito do s. XIII. Co gallo do Día do Libro, a Real Academia Galega volve deterse nesta obra central da nosa literatura medieval cunha mostra das pezas máis significativas arredor dela que custodia a biblioteca da institución. Entre elas poderán verse, desde o 23 de abril e ata o 4 de maio, o artigo na revista Arte Español do libreiro que lle deu nome, Pedro Vindel, no que anunciaba, en febreiro de 1914, a súa descuberta e un dos escasísimos exemplares do libreiro que publicou un ano despois de ato-

palo por casualidade, que inclúe unha edición facsimilar deste tesouro. Esta copia foi a que empregou o académico Eladio Oviedo y Arce para o seu estudo sobre o pergamiño, outra publicación singular que tamén forma parte da mostra.

"Un feliz descubrimiento acaba de hacerse, que aporta nuevos datos, y que es de importancia suma para la historia de la música y los cantos y bailes populares en España (...). Se trata de un pergaminio del siglo XIII que contiene siete Canciones o Cantigas de Amor. Esta vitela, que es una maravillosa joya musical, la hemos hallado sirviendo de forro a un Códice del siglo XIV", escribía Pedro Vindel na introdución do libreiro que acompañou de nove fotografados do pergamiño que pasaría á historia co seu apelido. Desta primeira edición do do-

cumento, realizada en Madrid, tiráronse moi poucos exemplares para distribución privada e só dez se puxeron á venda ao prezo de 25 pesetas, indícase na propia obra.

A Academia conserva unha das poucas copias impresas do volume, a que pertenceu a un dos académicos fundadores da RAG, Eladio Oviedo y Arce, primeiro galego, coa colaboración do académico correspondente Santiago Tafall Abad, que estudou seriamente o pergamiño. A interpretación e crítica do texto literario do primeiro, acompañada do texto musical, a cargo do segundo, foi publicada no Boletín da Real Academia Galega entre 1916 e 1917, e posteriormente nunha separata que tamén se pode ver na exposición.

Un ano despois, en 1918, morría Oviedo y Arce e, tras varios intentos de venda sen éxito a unha institución espa-

ñola por parte de Pedro Vindel, o pergamiño era mercado por Rafael Mitjana, diplomático e musicólogo residente en Suecia. As cantigas de amigo máis antigas que se conservan con notación musical en calquera lingua da literatura europea xa non volverían a España ata o pasado mes de outubro, cando o Museo do Mar de Galicia lles abriu as portas nunha exposición coorganizada pola Universidade de Vigo e a Consellería de Cultura.


O estudo de Carolina Michaëlis de Vasconcellos e o facsímil de Moleiro

A Real Academia Galega participou na programación arredor deste acontecemento cultural coa celebración dunha xornada académica, da man da Universidade de Vigo, e volve agora lembrar a importancia do Pergamiño Vindel coa mostra que poderá verse a partir de hoxe

ata o 4 de maio na biblioteca da institución, no terceiro andar da rúa Tabernas, 11 da Coruña.

Ademais dos títulos xa mencionados, exporase o primeiro traballo cualificado sobre o Pergamiño Vindel, A propósito de Martim Codax e das suas cantigas de amor, asinado en 1915 pola reputada filóloga Carolina Michaëlis de Vasconcellos, unha edición facsimilar do Pergamiño editada por Moleiro e outras obras actuais sobre o manuscrito.





Humor

Por Francisco Puñal Suárez

Artista croata vence 20.º PortoCartoon

Portugueses no pódio dos Prémios de Caricatura Amália e Woody Allen

Por Museu Nacional da Imprensa - Porto - Portugal

O artista croata Nikola Listes conquistou o Grande Prémio do 20º PortoCartoon-World Festival, organizado pelo Museu Nacional da Imprensa e subordinado ao tema LIMPAR O PLANETA. A obra vencedora intitula-se "Clean Fishermen".

O Segundo Prémio foi atribuído a Agim Sulaj, de Itália, com a obra "Plastica" e o

Terceiro Prémio (ex-aequo) a Cau Gomez, do Brasil com a obra "Varrendo a intolerância" e a Mahboobeh Pakdel, do Irão. O jornalista brasileiro e a artista iraniana já foram vencedores do Grande Prémio em edições anteriores.

Esta 20.ª edição do PortoCartoon registou a maior participação de sempre em termos de desenhos.

A edição deste ano contemplou dois Prémios Especiais de Caricatura centrados em duas grandes figuras de


relevo mundial: Amália Rodrigues (1920-1999) e Woody Allen (1935-). Os vencedores foram, respetivamente, António Santos – Santiago e Pedro Silva, ambos artistas portugueses.

O júri internacional atribuiu, ainda, mais de 20 Menções Honrosas a artistas de países muito diferentes.

Em apreciação estiveram cerca de 2500 obras, de 550 artistas, oriundos de cerca de 80 países distintos.

Neste 20.º aniversário o PortoCartoon volta a reforçar o seu lugar no pódio dos certames internacionais de desenho de humor e mostra a pertinência da classificação do Porto com o 'Capital do Cartoon', atribuída em 2008.

Os vencedores do 20º PortoCartoon receberão os troféus (desenhados por Siza Vieira) e os Prémios durante a cerimónia de abertura da exposição, que decorrerá nas instalações do Museu Nacional da Imprensa e noutros locais do Grande Porto, em junho, como é habitual.



1º premio. Croacia. Nikola Listes



2º premio. Italia. Agim Sulaj



3º premio. Brasil. Cau Gomez




3º premio. Irão. Mahboobeh Pakdel

Mencións de Honor:



Omar Turcios, Colombia



Marco De Angelis- Italia



Angel Boligan, México



Valeriu Kurtu, Alemanha

MARTIRENA



ABRAHAM CARREIRO



HORTAS



FUCO PRADO



Entrevista

Por Moncho Mariño

Suso de Toro, escritor

“A educación que recibimos en Galicia impídenos coñecer a cultura portuguesa”

Entrevista a Falamos brevemente con Suso de Toro, autor que se dera a coñecer nos anos 80 con Polaroid, novela que marcara un punto e á parte na narrativa ga-

lega. Aquí achega a súa percepción das relacións entre as letras galegas e portuguesas desde unha perspectiva que recolle epicentros como a política ou a edición literaria.

Comparte o feito de que galego e portugués sexan unha mesma lingua?

Hai dous puntos de vista, un filolóxico e outro lingüístico que non teñen por que coincidir. Desde o punto de vista filolóxico non hai dúbida de que o galego e o portugués son a mesma lingua, romance hispánico occidental, O que sucede de que unha das partes tivo una evolución política distinta. Ese romance hispánico occidental falado en diversos lugares como Galicia, Portugal, Angola ou Brasil, ten as súas diferenzas como pode ter o inglés falado en diversos lugares. O problema para considerar dúas linguas distintas ou unha mesma lingua, téñen as súas raíces en cuestións políticas. Para os falantes en Galicia o galego é unha lingua distinta. Así pois, desde o punto de vista filolóxico sería na mesma lingua

pero desde outros puntos revista non serían tal. O meu punto de vista é que son a mesma lingua, mais constato que historicamente actúan como dúas linguas distintas.

Sente que hai algún tipo de impedimento para a interrelación lingüística entre as dúas beiras do Miño?

Se falamos das relacións específicas entre Galicia e Portugal, aí entran en xogo as ideoloxías nacionais. Portugal, a súa sociedade, ten unha cultura fundamentalmente nacionalista, pero as elites teñen unha certa fascinación e submisión a Madrid. Estas elites móvense nunha ambivalencia constante entre a admiración a Madrid e a exaltación nacional. Para eles Galicia créalles un problema de identidade, pois saben que a orixe do reino de Portugal foi no reino de Galicia. Son unha póla esgallada, sa-

ben que a orixe do seu estado está en España. A sociedade galega vive dentro da esfera do nacionalismo español. Por tanto a poboación galega, nese sentido, tería un sentimento de superioridade. Iso faríanos ter unha sensación de sermos máis ricos e máis adiantados.

As letras galegas en todos os seus estilos teñen recoñecemento dentro do público en Portugal?

Eu constato que o público portugués non ten ningún interese, desde o punto de vista cultural, en recoñecer a cultura galega como unha realidade específica, como una realidade que lle interese. Tamén hai un descoñecemento certo pola parte galega. A educación que recibimos os galegos e as galegas impídenos coñecer a cultura portuguesa.

E as letras portuguesas son unhas descoñecidas dentro



Suso de Toro (fotografía de Adrián Estévez)

do público en Galicia?

Absolutamente. Para os portugueses non é unha referencia que lles interese. Nós para eles somos unha cultura rexional. Hai unha relación estraña entre as dúas bandas. As realidades dos estados tamén crean realidades de mercado. A realidade é que en

Portugal editan os autores e autoras que lles chegan desde Madrid. Pero ao mellor estou equivocado, pode haber edicións de autores en editoras pequenas. A miña experiencia é que os editores lisboetas publican autores e autoras referenciadas en Madrid, nomeadamente en el País.

'Cadernos de lingua' estrea web para impulsar a difusión das investigacións sobre a lingua galega

Cadernos de lingua naceu en 1990 co propósito de promover a investigación científica en lingua galega e de se converter nun foro de debate onde abordar cuestións de tanta importancia para o futuro da lingua como a fixación da terminoloxía, a definición da variante culta e a normalización do idioma. Case catro décadas despois, a revista da Real Academia Galega (RAG) continúa a ser unha publicación de investigación lingüística que, sen renunciar a tratar temas de

investigación teórica, pretende centrarse fundamentalmente no estudo de cuestións prácticas da lingua e de interese xeral. Con este espírito chega ao número 36 abrindo unha nova etapa na que estrea unha plataforma dixital que facilitará a súa difusión internacional. A publicación renova ademais comité científico, que medra e se nutre de “destacados especialistas con vinculación á lingua galega” pertencentes a 26 institucións académicas de todo o mundo, salienta o académico

de número Manuel González González, que dirixe a revista acompañado do tamén académico Xosé Luís Regueira como secretario.

Ademais de investigadores das tres universidades galegas, o comité científico conta con expertos doutras institucións do Estado Cadernos de lingua xa está dispoñible a través da plataforma Open Journal Systems, que serve de soporte a publicacións científicas de todo o mundo, e pode consultarse de forma gratuíta en

Os responsables da publicación, os académicos Manuel González (no centro) e Xosé Luís Regueira, coas autoras de tres traballos do novo número de Cadernos, Eva Mª Domínguez, Inés Veiga e Tamara Rial. Fonte: RAG.

dicas.academia.gal/index.php/Cadernos. “O feito de que pase a ser unha revista dixital dálle a Cadernos de lingua inmediatez e accesibilidade universal”, su-bliña Manuel González. A edición en liña permitirá a incorporación constante dos artigos aprobados

tras a súa revisión por pares. Unha vez ao ano seguirá saíndo do prelo un novo número en papel con todas as achegas recibidas, cunha tiraxe destinada fundamentalmente a atender os compromisos de intercambio con outras institucións científicas.

O conto é vello

Por Carlos Méixome

Levaba tempo con ansias de ler, dunha sentada, o libro no que Borrow conta os seus andares pola península, vendendo Biblias (The Bible in Spain, 1843). En verdade é na península e non como se pode malentender polo título co que o bautizou só en España; aínda que no subtítulo deixou nida a referencia peninsular ás súas viaxes, aventuras e prisión no intento de difundir as escrituras.

Coido que parte do moito pracer que atopei na súa lectura é obra do magnífico castelán do tradutor, nin máis nin menos que don Manuel Azaña, un dos escasos, ao mellor o único, xefe dun estado democrático cuxos restos repousan en terra allea, mentres no seu país afirmase, con sospeitosa reiteración, o acatamento das formas democráticas. Sen dúbida hai feridas que seguen supurando.

Azaña, un nacionalista español, demócrata e progresista, decatouse que sen axuntar os dous termos que negan a España imperial, isto é república e laicismo, non hai forma de desmontar o proxecto da monarquía nacional-católica erguida baixo o “desgobierno dos Austrias, brutais e sensuais” e “da estupidez dos Borbóns”. Oían, quen escribiu isto foi o tal Borrow, non vaian a entender algún xuíz que sinta agredida a súa sensibilidade patriótica que o fago eu. Por “questiunculas” de tuíts ou camisolas estalle a pasar a algúns neste regreso ao “corral nublado” que diría don Max Estrella. Con esa referencia a escuridade respondíalle o cranio privilegiado ao libreiro Zaratuza cando este sinalaba o sol como envexa dos estranxeiros, na escena segunda de Luces de Bohemia.

O diálogo entre o libreiro, don Latino e Max Estrella complementase coa presenza dun home alto, fraco, tostado ao sol, que escribiu a crónica da súa vida andareira nun “rancio y animado castellano” chamado don Peregrino Gay e mudado en Gay Peregrino. A conversa é interrompida de cando en vez polo diálogo animalesco “EL GATO: ¡Fu! ¡Fu! ¡Fu!; EL CAN: ¡Guau! EL LORO: ¡Viva España!” ou

por un rapaz “pelón” que alborota o barrio cunha cana e unha bandeira ao berro de ¡Vi-va-Es-pa-ña!, ao que segue un ¡Guau! ¡Guau! canino. Oían que dicía Valle, non vaia ser...

Como alto, fraco e pernilongo, aínda que non tostado polo sol, describe Azaña a “don Jorgito el inglés”, como lle chamaban os abundantes “manolos” de faca lixeira, nun Madrid, xa daquela, con problema cos idiomas. O personaxe, un tanto estraçalario, excéntrico e aventureiro, amante das linguas que a el lle parecían ben e descualificador de outras con lindezas como “el agrio dialecto de Portugal”



Manuel Azaña

ou o gruñido dos cataláns en “su áspero dialecto”, mentres gaba el “esplendido idioma de España” ou se ilusiona co caló ata facerse especialista e gran coñecedor da etnia cigana.

Borrow seguiu os consellos que lle dera o seu contemporáneo viaxeiro, debuxante e inglés, Richard Ford, de evitar as vagas descrições e as erudicións librescas e, pola contra, narrar feitos, feitos e máis feitos, resultado de observacións directas e, ao tempo, ter o valor de non caer en vulgaridades e gabanzas insulsas. Abofé que lle fixo caso. Borrow luciu como observador. Tamén de nós, aínda que como sinalou Plácido Castro “fose algunha vez inxusto” e “non chegara a comprender as realidades da nosa terra”.

Nunhas cantas pinceladas foi quen de describirmos e aínda que conside-

remos válido o proverbio árabe de que a xente parece máis ao seu tempo que á súa terra, semella que o tempo, entre nós, muda moi lento.

Chegando aos lindes montesíos que extreman con Castela bateu, o inglés, con dous paisanos nosos, aos que inquiriu polo estado do camiño. Un afirmoulle que podía pasar con tino; outro que era intransitable co cabalo que levaba; ambos puxéronse a berregar e a se insultar mentres o inglés seguiu camiño.

O vendedor de Biblias realizou a súa viaxe entre 1835 e 1840, en plena guerra entre carlistas e cristinos (1833-1840), nunha España inzada de bandoleiros cun ou outro uniforme, con ningún ou alternado un con outro. O inglés andou polas nosas terras ao longo de 1837. Catro anos despois de que Javier de Burgos decretase o estado centralizado e o dividise en provincias. Borrow, nos poucos meses que por aquí estivo, decatouse das catividades das cativas elites locais: o que preocupaba ao libreiro de Santiago era a capitalidade provincial na Coruña, que non tiña nin catedral nin hospital; mentres que ao notario de Pontevedra que os de Vigo andasen a remexer para mover os marcos e ter a súa propia provincia. Nisto dos marcos seguimos a darlle voltas, ata na política de hoxe se escoita moito, pero é só para sinalar outra leira e non para a concentración parcelaria.

Na visión enleadora de nós, recunha en varias ocasións. Ben por observación directa ou por testemuña. Así, segundo un dos criados que o acompaña, os galegos “parecen muy rústicos y simples, pero son capaces de engañar al filou más listo de París”. Se os homes son capaces de xogarlla ao estafador máis hábil, as mulleres non fan máis que promover disensións e disputas. Mais, pola contra, todos os galegos que hai en Madrid, calquera que sexa a súa condición, se coñecen, e alí, cando menos, “son todos muy buenos amigos y se ayudan mutuamente en cuantas ocasiones se presentan”.

!Que extraña lengua es el gallego, con su acento quejumbroso y melodioso a la vez, y con su revoltijo de palabras de varios idiomas, pero sobre todo de español y portugués!, comenta Borrow e engade o criado, tan sagaz observador como o amo: “He oído decir a los gallegos que no hay dos aldeas donde se hable de la misma



O filólogo George Borrow

manera, y que muchas veces no se entienden entre sí”.

Azaña publicou a súa tradución en 1921, oitenta anos despois da publicación orixinal. Os españois non parecían moi interesados en coñecer un dos grandes éxitos editoriais en lingua inglesa do que eles mesmos eran protagonistas. Coido que en portugués non hai tradución, ao mellor polo enganoso título. En galego editouse unha parcial da man de Salvador García Bodaño (Viaxe por Galicia, 1837. Xerais, 1993; reeditado en 2015).

Máis o noso tempo parece detido no que observou Borrow. Os dialectalismos locais reviven agora entre sectores das denominadas vangardas culturais e a lea permanente entre os que por mornura ou outros motivos máis pedestres só viron no noso “revoltijo de palabras” o que máis se achegaba ao español; mentres outros sectores, unhas veces por xenreira e outras por inconsciencia, só quixeron ouvir aquilo que semella portugués.

Os cataláns converteron o seu “áspero dialecto” en lingua de cultura para a que unificaron e acordaron. Aquí non fomos quen de arrincarlle a lingua aos filólogos, continuamos promovendo “disensións e disputas” e botándolle a culpa aos demais. E non só nos asuntos da lingua.

Ao cabo o vendedor de Biblias, observou: “No veo por qué les parece tan malo un país que por su naturaleza es el mas rico y abundante de España. Ciertamente está en la miseria; pero la culpa es suya, no de la tierra.”

Letras Galegas para Carbalho Calero

Por José PAZ RODRIGUES (Académico da AGLP, Presidente da ASPGP e Professor Aposentado da Universidade de Vigo)

O passado ano de 2010 celebraram-se os cem anos do nascimento e os vinte do falecimento desse grande galego que foi Ricardo Carvalho Calero. O primeiro catedrático de língua galega que tivemos na Universidade de Compostela. Carvalho tinha nascido no dia 30 de Outubro de 1910 em Ferrol. Faleceu em Compostela a 25 de Março de 1990, com oitenta anos de idade. Todos os anos os da AGAL comparecemos para lhe render homenagem póstuma perante o seu panteão do cemitério santiaguês de Boisaca. Eu tive a sorte de contar com a sua amizade durante os últimos doze anos da sua vida. Era um prazer estar com ele pelo seu trato tão humano e agradável e o seu profundo amor por Galiza, o seu idioma e a sua literatura. Pela sua dignidade e a sua clarividência linguística. Pelo seu apreço pelos jovens, semelhante ao que também tinha Ben-Cho-Shey. Estive muitas vezes com ele no seu gabinete da Faculdade de Filologia. Onde me acolhia sempre com bondade e ale-

gria. Lembro com nostalgia aquela juntança durante horas mantida com ele em Ponte Vedra, na Pousada de Turismo, para preparar umas jornadas e publicação dedicadas ao grande pensador galego Biqueira. Ali estavam também Estraviz, Fontenla, Montero Santalha, Regueira, Adela Figueroa e outros. Foi todo um prazer e uma honra levá-lo no meu automóvel desde Ourense até essa formosa localidade



portuguesa de Amarante, ao lado do Tâmega, terra de Teixeira de Pascoães. Era a década dos oitenta e ali, durante três dias tivera lugar um Encontro Galaico-Português de Poesia em Primavera. Carvalho recebeu a homenagem

dos povos irmãos em língua e cultura e pronunciou uma interessante conferência. Na mesma escutamos-lhe pela primeira vez o seu famoso adágio: “O galego ou é galego-português ou é galego-castelhano”. Na mesma dissertou com esse seu profundo saber e verbo cálido, das línguas peninsulares. Resultado dos três ibero-romanos que nasceram ao norte da península e se estenderam com o tempo cara o sul. O

ibero-romano oriental, que deu lugar ao catalão dos países catalães. O ibero-romano central, pai do castelhano. E o ibero-romano ocidental, que engendrou o nosso galego-português. Falara também de que não se podem confundir fala e escrita. Para uma mesma escrita podem existir, e na realidade existem, falares diferentes.

Em Dezembro de 1983, pelos seus amplos merecimentos, e por considerá-lo o maior vulto da nossa língua e cultura, convidámo-lo a participar no Iº Congresso Estatal de MRPs, que se celebrou no Paço de Congressos de Montjuïc em Barcelona. Durante toda a semana esteve connosco em Catalunha. Tal homenagem também a merecia por ter sido diretor de 1950 a 1965, em Lugo, do modelar colégio “Fingoi”. Mas, como já é típico por desgraça na Nossa Terra, fazendo todo ao revés, a figura mais grande e importante no campo linguístico que tivemos na história foi e é injustamente marginada e esquecida. Tal infâmia, tal injustiça, tal imoralidade, que continua ainda hoje, pode infelizmente permanecer. O que não deixa de ser uma ignomínia. Em 1996, por acordo unânime e plenário, o Parlamento Galego, onde está conservada a excelente biblioteca de Carvalho, foi nomeado Filho Ilustre da Galiza. Mas a Academia da rua corunhesa das Tabernas, de que foi destacado membro, nunca o propôs para dedicar-lhe as Letras Galegas. Embora, um dos seus poucos dignos



presidentes, Paco del Riego, ao que muito apreciava, o intentasse, mas só obtivo o seu voto a favor. Em 1977 correspondia-lhe pela sua categoria ser ele o presidente desta Academia. Noutra afronta típica foi nomeado no seu lugar García Sabell, com muitíssimos menos méritos. Em 1982, no lugar de ser ele o elaborador da norma ortográfica do nosso idioma, como lhe correspondia pela sua categoria profissional e académica, e por ser o presidente da comissão elaboradora da mesma em 1979, passou-se-lhe a responsabilidade ao catedrático de castelhano, o asturiano Constantino García. E assim saiu o engendro que saiu, que tanto dano leva feito à nossa língua. A Carvalho não se lhe perdoa o querer reintegrar a língua no espaço linguístico a que filologicamente pertence, o luso-brasileiro. Em palavras do professor Rodríguez Ennes, que compartimos, não se lhe deixou ser o Pompeu Fabra galego. A única forma válida de reparar tamanha injustiça seria declarar pela Academia Galega algum ano como ano de Carvalho Calero. Que é a personagem que mais o merece. Porque foi ademais um grande poeta, romancista e ensaísta. A sua História da Literatura Galega Contemporânea ainda é hoje uma incomparável e magna obra. Outros dos nossos escritores podem esperar um ano para as Letras. Se finalmente a Academia tivera a acertada idéia de propôr a Carvalho para as letras Galegas, cousa que muito duvidamos, por toda a vida lho agradeceríamos muitos galegos e galegas.



Letras galegas

Nemésio Barxa

Tenho que voltar sobre as “letras galegas” expulsas ou excluídas do galego isolacionista como se já não foram de este nosso país, como se tiveram alguma paulinha e foram afastadas da vida literaria, como se cometeram algum delito e foram condenadas ao exílio.

Se comezamos polo Ç que aparece em todos os documentos e textos literarios do medioevo e que não consta cometese nengum acto de rebeldia, nem rebelião ne sedição (como agora fica de moda) para independizarse voluntariamente, pelo que sua exclusão só podemos imputala a uma expulsão sem causa conhecida nem juízo justo (mais bem nem justo nem injusto, não houve juízo, alguém decretou expulsão ou morte, ou simplesmente ignorancia e abandono). Na Academia de esta nossa nação, que guarda as essencias do idioma, não se outorga carta de cidadania ao Ç, mantendose orgulhosamente indiferentes á que é uma letra que tem presença, vida e respeito em todo o nosso mundo idiomático, o mundo da lusofonia. A nossa RAG é assim de autocrática e independente (excepto em política do país) que pode

ignorar arrogantemente e sem explicações uma letra que adornou, segue adornando e é útil em todos os textos literarios da lusofonia.

Com os dígrafos madia a levamos. Abandonouse toda a tradição gramatical, toda a transformação do latim para as linguas romances, designadamente o mundo da lusofonia, e adoptouse a solução da única lingua romance que não seguiu o exemplo das suas irmãs: o mundo lingüístico do castelhano. Um prestigioso literato do nosso país que justificava esta opção no evoluir mais natural das palavras, p. ex., dizia-me, annum transformase em año pola superposição das duas “n”; claro que annum no galego da “ano”, mandando ao demo uma das “n”; sempre a sumissão ao castelhano, pensava no passe ao castelhano e não ao galego. Aquí realmente o que se transforma em “anho” é o “agnum”. Bom, somos colonizados polo castelhano no uso de essa letra tanto propria de ele que até a levam como bandeira, estandarte e sinal de identidade. E nos largamos nossos dígrafos, nh e lh, para tomar a novidade

do “ñ”, como qualquera patufo ou desleigado que despreza o proprio para copiar o alheio. Naturalmente com o beneplácito da altanera RAG, que pola contra ampara o uso do dígrafo na palavra “unha”, não se sabe muito bem porque, pois o sonido nasal que pode ter já fica desde o inicio resolvida na lusofonia com a palavra “uma”

Porqué copiar do castelhano o uso do V ou do B e do final vel? Toda a lusofonia, nosso mundo lingüístico, emprega o V de jeito similar a como também se usava no castelhano antigo. Bom, pois o castelhano moderno mudou e nos, sumisos imitadores, também mudamos para sair do noso mundo lusófono e pasarnos ao mundo idiomático do castelhano.

A RAG conforme.

Durante quanto tempo nos disserom que o “q” era o cú? Ainda tardarom bem anos em comprender que o cú era uma cousa e a letra “que” outra.

Há algo que sempre me cheirou a corrupção, uma corrupção que deve vir de muito atrás, porque, que méritos tem o X para desprazar ao G e mais ao J? essa prepotencia que amostra aparecendo destacadamente no escrito por acima de qualquera outra consoante, esse limitarlhe o campo de

imagem ao G, reduzido seu uso só com as vogais “a”, “o”, e “u”; e não digamos á J totalmente excluída, desaparecida, morta.

A RAG conforme com casi todo o que vem do castelhano, lingua de prestígio, porque também pensam no galego isolacionista, som tanto seus que não comprenden que o galego e o portugues são a mesma lingua, com matices nos diversos países e incluso dentro do mesmo país, que é a quarta lingua mais falada do mundo e que ainda foi por mais tempo “lingua do imperio”, pois o imperio português foi mais dilatado no tempo que o imperio espanhol.

A escrita fixa um idioma; e a ortografia prestigia o uso de esse idioma. Se queremos longa vida para o galego, recuperemos as normas lingüísticas da lusofonia, do nosso territorio idiomático, recuperemos as letras injusta e indebidamente expulsas e recuperemos o seu uso acorde com as normas internacionais do galego-portugues padrão.

Eu, desde sempre a agora aproveitando este escrito, quero mandar uma mensagem de amor a todas essas letras minhas, nossas, que gentes sem sentimento nem dignidade, apartarom do meu idioma, do uso habitual, e assegurar que nunca rejeitar-ei delas e que seguir-ei sendo predicador do seu uso e da sua utilidade.

Quinta do Limoeiro, abril do 2.018.



Por unha dobre normativa do galego

Ramón Coira Luaces

Dame algo de pudor opinar neste asunto, no que non son un experto; porén vouno facer: eu estou dacordo e paréceme ben a aproximación da MESA (da que son socio) e AGAL, en busca de puntos de encontro. E non estou dacordo co aparheid lingüístico ao que se someteu ás persoas lusistas. Hai escritores e figuras de gran valía como Ricardo Carvalho Calero, Teresa Moure, Estraviz,... que non debemos marxinar desta maneira. Por iso coido que a proposta de Eduardo Maragoto, presidente

de AGAL, que defende unha dobre normativa para o galego: a oficial e a lusista e a convivencia entre ambas as dúas é unha boa idea. E seica hai casos similares en Europa. Non entendo porqué non se pode respectar o texto dunha persoa que decide escribir coa normativa lusista nun xornal, nunha revista ou nunha editorial. As dúas estratexias de supervivencia do idioma son lexítimas. E a tolerancia mutua – a pesares das discrepancias- coido que é o mellor para tod@s. Antes custábame traballo ler en normativa lusista, mais agora que estudo algo de portugués, non me custa traballo ningún e de-

cateime de que o lusismo é unha magnífica ponte entre Galiza e a Lusofonía. Respecto e aprecio tanto á RAG, no seu papel de institución oficial, como á MESA e AGAL, na súa función máis reivindicativa e máis popular. O idioma é o mesmo, a normativa pode ser distinta. O noso idioma, a nosa cultura, a nosa identidade galega sempre tivo inimigos moi poderos@s e vannos seguir atacando: calquera pretexto lles vale: que se impoñemos o galego en Galiza, que se cambiamos a cada pouco a normativa, que se o galego que se fala fóra de Galiza non é galego, que se

temos un idioma subvencionado,... En definitiva, o que vale para o castelán, non vale para o galego. Por que? Porque queren acabar coa identidade

galega e co noso feito diferencial. E, como dicía Manuel María, "o idioma é a patria / a esencia máis nosa / a creación común / meirande e poderosa"



Entrevista

■ Por Carlos Pazos-Justo, Professor da UMinho

Xurxo Fernández Carballido, Professor de língua portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela

“Em termos de saúde, o português é a melhor das vitaminas para o galego”

Professor e responsável pela secção de língua portuguesa no Centro de Línguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, Xurxo Fernández Carballido (Redondela, 1976) é o atual Presidente da As-

sociação de Docentes de Português na Galiza. Mestre em Português Língua Não Materna pela Universidade do Minho o seu percurso profissional sempre esteve vinculado aos estudos galegos e portugueses.

A Associação de Docentes de Português da Galiza (DPG) faz 10 anos no presente 2018. Quais são as linhas de força do trabalho desenvolvido durante estes anos?

A DPG nasceu com vários objetivos, porém, alargar a presença da língua portuguesa no ensino galego sempre foi a nossa grande preocupação.

Ao lado deste grande objetivo, ou de maneira a atingir esse objetivo principal, fomentamos o conhecimento da cultura dos países de língua portuguesa; promovemos a formação e reciclagem dos docentes de português; desenvolvemos e contribuímos em projetos de intercâmbio no âmbito do ensino e aprendizagem do português; facilitamos contatos e trocas de experiências académicas, assim como de materiais didáticos através das nossas redes sociais; estabelecemos uma rede de relações e protocolos de colaboração com outras entidades, nomeadamente com o Instituto Camões, temos uma atividade muito intensa nas redes sociais e disponibilizamos materiais em aberto através do nosso site <http://www.dpgaliza.org/>

Enfim, participamos no debate sobre o papel da língua portuguesa dentro da sociedade galega, especialmente no âmbito educativo.

Para a DPG, quais são os desafios urgentes a enfrentar no que diz respeito ao ensino e aprendizagem do português na Galiza?

No âmbito educativo os desafios não devem ter uma resposta urgente, ou seja, a DPG

contribui para a reflexão de qual deve ser o papel da língua portuguesa na sociedade galega. Nesse debate a DPG acha que a língua portuguesa deveria ter uma presença maciça e normalizada, pois é uma mais-valia para o conjunto social da Galiza, nessa posição de dobradiça entre o mundo hispânico e o lusófono.

Para além disso, é evidente que aproveitar as oportunidades é muito importante, e o português é uma vantagem para os galegos, por isso, a educação teria que garantir o seu conhecimento linguístico e cultural para o seu aproveitamento.

As datas obrigam. Neste maio, comemora-se mais um ano o Dia das Letras. Do seu ponto de vista pessoal, as Letras galegas estão de boa saúde?

Nestas questões da saúde é sempre difícil ser objetivos, mas o certo é que o galego, e todo o âmbito social galego, pode tirar proveito do conhecimento ativo do português. De facto, o português contribui para a melhora do galego. Assim o sublinham os nossos associados, os formandos galegos com o conhecimento do português melhoram o seu galego, a riqueza léxica, o uso do infinitivo pessoal, do futuro do conjuntivo, do imperfeito do conjuntivo, evitar decalques do espanhol recorrentes, alargam o seu conhecimento sobre fraseologia, etc. E, sobretudo, abrem outro horizonte de expectativas, do cultural ao laboral.

Pelo que se fosse avaliado em termos de saúde, o portu-

guês é a melhor das vitaminas para o galego.

Cada vez mais, as grandes orientações culturais ou linguísticas são entendidas também num quadro europeu. Em função do seu percurso pela Universität Tübingen (Alemanha) e pela Université Paul-Valéry de Montpellier (França), entre outras, qual pensa ser o papel assinalado para línguas como o galego?

É no contexto de uma maior integração europeia que nasceram muitas iniciativas transfronteiriças, nesta construção europeia as línguas, no plural, devem ter um papel fundamental.

No meu percurso académico pessoal pude constatar que como galego não pertencia a um grupo linguístico minoritário, mas que o galego tinha uma projeção internacional através do português. Por isso era o melhor aluno nas aulas de português e o dos piores em alemão, inglês, francês ou occitano!

Porém, foi na Extremadura onde tive o meu primeiro contato como docente de português, como muitos outros sócios e sócias da DPG. Foi também aí onde pude constatar como com decisão política e administrativa o português e tudo que tem a ver com Portugal e os países de língua portuguesa têm um retorno importante. Só como curiosidade recibo todas as atividades organizadas pelo Gabinete de Iniciativas Transfronteiriças sediado na Extremadura e é assustador a quantidade de atividades que organizam, e não apenas culturais,



são atividades de todo o tipo, e que vão ao encontro de todos os parceiros sociais.

No que refere ao âmbito universitário europeu, pela minha experiência, há uma abordagem académica muito dicotómica entre o português europeu e o português brasileiro, contrariamente ao que se passa na Galiza, onde se tenta promover uma visão global, sem fugir às contradições, dentro do espaço dos países de língua portuguesa.

Nisso a DPG tem uma visão alargada, é evidente que por uma questão de contexto geográfico Portugal é o principal referente, mas não esquecemos os outros países de língua portuguesa; de facto, a DPG sempre teve uma especial sensibilidade por mostrar a heterogeneidade da língua portuguesa. Por exemplo, a Sociedade Internacional de Português Língua Estrangeira (SIPLÉ) realizou o seu primeiro simpósio fora do Brasil em Santiago de Compostela.

Em que medida o ensino e aprendizagem do português pode ser uma ferramenta útil para a ecossistema linguístico-cultural da Galiza?

Se tivéssemos que falar em termos ecológicos, favorece o ecossistema e fortalece as nossas raízes.

Na Extremadura o português foi apresentado como uma prioridade, essa mesma importância devia ser dada na Galiza. O nosso esforço vai ter uns rendimentos muito mais visíveis.

Como bom conhecedor da realidade social e cultural da Galiza e Portugal como entende o atual estado de relações?

As relações sempre se baseiam no conhecimento, e o conhecimento da língua ajuda a compreender outras questões importantes, como as pessoas, as dinâmicas culturais, a economia, a história, etc. Nesse sentido é interessante a viagem pontual ou a visita aos restaurantes, mas para conhecer Portugal ou qualquer outro território de língua portuguesa é fundamental sermos competentes na língua, de maneira autónoma, por isso as autoridades políticas galegas deveriam facilitar esse conhecimento.

Por último, dê-me um bom argumento para estudar português na Galiza.

O que é realmente difícil é tentar encontrar um argumento para que na Galiza o português não seja uma língua de conhecimento geral no sistema educativo galego!

Mas cada pessoa deve encontrar a sua, porque não há apenas uma, e toda uma série de mais-valias, oportunidades linguísticas, profissionais, económicas, culturais, etc. como já foi argumentado na iniciativa legislativa popular que finalizou com a promulgação da Lei para o aproveitamento da língua portuguesa e vínculos com a lusofonia, conhecida como Lei Paz-Andrade.

84 participantes no Certame de Microrrelatos de A Guarda

O Certame de Microrrelatos 2018, organizado pola Concellería de Cultura do Concello da Guarda con motivo do Día Internacional do Libro, culminou coa entrega de premios. Un total de 84 persoas participaron nesta terceira edición do particular concurso, no que todos e todas as participantes recibiron un agasallo.

A concelleira de Cultura, María Elena Baz, presidiu o acto de recepción dos participantes e a entrega de premios, que se celebrou o día 20 de abril no Centro Cultural. Alí, congregáronse preto de medio centenar de participantes



-principalmente, alumnas e alumnos dos centros de ensino primario da Guarda-, que recibiron da edil un diploma no que se recoñece a súa participación no certame, dous libros e un bolígrafo como recompensa polo seu traballo en prol da cultura.

Todos os microrrelatos poderán contemplarse no Centro Cultural ata o 14 de maio no horario de apertura habitual do Centro Cultural, isto é, de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00 horas de luns a venres, e de 10:00 a 13:00 horas os sábados.

Concello e Comunidades de Montes acordan a creación de dous parques forestais

O alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, recibiu esta mañá ao presidente da Comunidade de Montes Veciñal en Man Común (CMVMC) da Guarda, Manuel Castro, e ao presidente da CMVMC de Camposancos, José Fernando Martínez, para asinar senllos convenios de colaboración para a creación de dous parques forestais no Monte Santa Trega.

O acordo responde a unha iniciativa da Deputación de Pontevedra orientada a emprender accións que promovan a mellora e posta en



valor dos montes da provincia, con dúas liñas de axuda destinadas aos concellos para a creación de parques forestais. O Concello da Guarda, a través do Padroado Municipal do Monte Santa Trega, aportará 3.000€ a cada un dos proxectos das Comunidades de Montes, namentres a insti-

tución provincial achegará ata un máximo do 70% do seu custo.

O proxecto para a creación dun parque forestal na Comunidade de Montes de Camposancos ten un orzamento total aproximado de 24.250€, namentres o investimento na actuación CMVMC da Guarda estimase en 37.200€.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Novas da Raia



Estilo de vida activo para todos e para sempre

O mércores 25 de abril celebrouse o Día da Educación Física na Rúa. É unha iniciativa do CEIP Infante Felipe de Borbon e ADA Salvaterra, saír á rúa cos seus alum-

nos a impartir as súas clases. O seu obxectivo foi mostrar aos veciños o que é a actual Educación Física e como é o traballo que se realiza no aula.

Este día reuniu a estudantes,

profesores e monitores deportivos e os fai protagonistas na Plaza do Concello de Salvaterra de Miño baixo o lema "Estilo de Vida activo para todos e para sempre".

maios

**Parque da Canuda,
Salvaterra de Minho**

scd.condado

Colabora:
DEPUTACIÓN DE PONTEGAL | **Portegali** | lingua

sábado
12 maio

11.30h | Roteiro
Roteiro para apanhar plantas&flores

12.00h | Sessom vermute
Ronco&Fol

15.00h |
Jantar popular

16.30h |
Elaboraçom do maio

17.30h | Festa infantil
Circanelo de Fredi Clown

19.00h | Concerto
Donicelas

20.00h
Gran serán!!
Inscriçons a partir das 19.00h

info@scdcondado.org - @scdcondadominho

O BNG de Redondela, considera a mobilización veciñal, determinante na Pass Vigo.

Destacan o papel da A.VV. De Chapela, quen tomou a iniciativa ante a inacción do alcalde de Redondela. Instan a Abel Caballero a que asuma o Transporte Metropolitano como vía máis segura "para beneficio mútuo".

As medidas cautelares aprobadas polo xuíz do contencioso-administrativo número 1 de Vigo, que insta ao Concello vigués a paralizar as restricións de expedición da Pass Vigo, son valoradas positivamente pola organización nacionalista, "pois van beneficiar a milleiros de veciños e veciñas de Redondela".

Destacan dende o BNG, "o importante papel de concienciación de diversos colectivos, especialmente da A.VV. De Chapela, quen organizou diferentes asembleas e actos públicos para presionar a Javier Bas".

Consideran dende a forza nacionalista, que "o alcalde de Redondela mantívose pasivo diante da problemática creada hai catro meses, unicamente tomando cartas no asunto cando sentíu a presión veciñal".

Para os e as nacionalsitas "o alcalde redondelán, obviou a negociación política como a máis rápida e útil na resolución desta problemática, unicamente por intereses partidistas".

Á vez emprazan ao alcalde de Vigo, Abel Caballero a reflexionar sobre o fondo das medidas cautelares, "posto que se está a xogar co interese colectivo". Aseguran que isto non vai de máis ou menos vigués, ou máis ou menos redondelán, "estamos a falar do difícil equilibrio de moitas economías familiares".

Afirman que se o alcalde de Vigo téñ altura de miras, debe entrar no Transporte Metropolitano de inmediato, posto que se trata da vía xusta economicamente para todos os concellos. "Esta responsabilidade compételle a Abel Caballero, se de verdade quere exercer de presidente da Área Metropolitana,"

Dende o BNG, finalmente emprazan a todas as partes implicadas, "a sentarse a negociar, asumindo o seu papel como políticos eleitos polos veciños e veciñas, velando polo interese xeral"

Os animalistas volven pedir a prohibición da Festa do Boi de Allariz

A plataforma “Galicia, Mellor Sen Touradas” fixo unha enquisa cidadá sobre o futuro das carreiras de bois ensogados en Allariz, e revelou que o 53 por cento dos ourensáns están a favor de suprimilas. Os abolicionistas, que sempre se mostraron contrarios á continuidade dos bois ensogados, moi similares a prácticas realizadas en Cataluña e Comunidade Valenciana, preguntaron por teléfono a catrocentas persoas da provincia, dunha forma aleatoria, e máis da metade respondeu afirmativamente á pregunta: “Deben suprimirse as carreiras de animais ensogados, como as que se realizan en Allariz?”. A favor da súa continuidade o 37,5, e un 9,5, (38 persoas), non contestaron ou dixeron descoñecer esta materia.



Imaxe da Festa do Boi de Allariz en 2016.

Precisamente esta práctica quedou excluída do ámbito de actuación da Lei de Benestar Animal, do mesmo xeito que as capeas ou as corridas de touros. A plataforma considera que un primeiro paso fundamental sería “cortar” calquera tipo de colaboración pública e avaliar o sufrimento real dos animais. Di

que as propias estatísticas do sería “cortar” calquera tipo de colaboración pública e avaliar o sufrimento real dos animais. Di que as propias estatísticas do Ministerio sitúan a ‘Festa do Boi’ no ámbito dos eventos tauromáquicos, polo que non cabe escusa para que o Concello continúe promocionándoa.

El Carmen realizou operación de cadeira pioneira en Ourense

No hospital Centro Médico El Carmen, de Ourense, realizouse un tipo de intervención de cadeira pioneira na sanidade ourensá. Tratábase de doas pacintas aos que se lles colocou unha prótese de cadeira a través do que se coñece como “vía anterior”, máis respectuosa coa anatomía do paciente ao tratarse dunha vía natural. Isto quere dicir, segundo explica o doutor Jesús Vidal, un dos especialistas que interviñeron na operación, que “a prótese colocouse polo frontal da cadeira, fronte á incisión habitual que adoita practicarse polo lateral da cadeira. Esta nova forma de colocar a prótese reduce substancialmente o tempo de ingreso do paciente e acelera a recuperación funcional”.



Os doutores Jesús Vidal e Pablo Gastaldi.

Por tanto, estamos ante unha intervención mínimamente invasiva, cuxa recuperación é máis rápida e ofrece mellores resultados para o paciente. A intervención foi realizada por un equipo encabezado polos doutores Jesús Vidal, traumatólogo de Centro Médico El Carmen, e Pablo Gastaldi, presti-

xioso traumatólogo da Clínica Gastaldi de Valencia, que trata a equipos de fútbol como o Valencia C.F. Ambos cualificaron como “altamente satisfactorias” as intervencións desenvolvidas no hospital Centro Médico El Carmen o pasado luns 9 de abril. As pacintas foron dadas de alta o día 12.

Vázquez-Monxardín presentou un libro sobre Otero Pedrayo

O Concello de Ourense e a Fundación Otero Pedrayo, xunto coa secretaría xeral de Política Lingüística, presentaron unha publicación que recupera unha das facetas máis descoñecidas do patriarca das letras galegas: a de cronista oficial da cidade de Ourense.

O volume, obra de Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, recolle dúas pequenas publicacións. Por unha parte a que se centra en Os Cronistas Oficiais de Ourense a través das actas municipais e, doutra parte, “Crónica do Vivir Xornaleiro” de don Ramón Otero Pedrayo. Ao longo da historia foron nove os cronistas oficiais. Otero foi nomeado en 1967, tomou posesión do cargo o 29 de decembro dese ano, e exerceu dende xaneiro de 1968 ao San Xoán de 1970. A publicación reproduce o libro manuscrito de Otero Pedrayo, para recoller os debuxos e adornos que facía aos seus apuntamentos.

Afonso Vázquez-Monxardín sinalou que o libro aporta anotacións interesantes sobre a vida da cidade naquel tempo e mesmo ás súas discrepancias con algunhas das actuacións municipais ou proxectos da cidade -como o traslado da escultura de Concepción

Arenal para a rotonda do Pazo de Xustiza ou a construción da Torre. Otero accedeu á figura de cronista oficial da cidade logo de Vicente Risco, que foi nomeado en 1931.

Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística salientou a importancia histórica da publicación e o feito de que será material de estudo para os investigadores, ao contar con referencias acerca dos cregos que oficiaban en galego ou a primeira esquela que se publicou no mesmo idioma. Jesús Vázquez, alcalde de Ourense, referiuse á importancia da publicación á hora de reivindicar a figura dos cronistas e o traballo inédito de Otero.

As actividades do “Abril oteriano” deste ano pecháronse cunha xornada que se desenvolveu en Trasalba. Na casa grande de Cimadevila, onde está a sede da fundación que mantén vivo o legado e a memoria do patriarca das letras galegas, inaugurou a xornada Xesús Alonso Montero coa conferencia sobre “Os testamentos de Otero Pedrayo”. Logo presentouse o libro “Cronistas oficiais de Ourense” e “Crónica do vivir xornaleiro de Don Ramón Otero Pedrayo”, de Afonso Vázquez-Monxardín.



Afonso Vázquez-Monxardín, primeiro pola esquerda.

Lugo Numismático celebrou a V edición

Lugo Numismático celebrou a súa V edición no Museo Provincial. O programa reuniu a historiadores, expertos e profesores en torno a ciencia que estuda as moedas, e incluíu charlas, conferencias e unha visita guiada a Meira. Na presentación participou o organizador e presidente da Asociación Numismática Val de Ariz de Lánara (ANVAR), Pablo Núñez, quen agradeceu a implicación da Deputación e do Museo Provincial na promoción deste evento.

A deputada García Porto remarcou a importancia de Lugo Numismático 2018 “esta cita é unha boa oportunidade para coñecer e recoñecer a nosa historia mediante as nosas moedas. Ademais, este museo alberga moitas pezas importantes da numismática galega, por iso consideramos que era o lugar ideal para celebralo”. A deputada explicou que este encontro achega ao público charlas e conferencias que enriquecen a formación dos afeccionados da numismática a descubrir novos segredos, como por exemplo



Pablo Núñez e a deputada García Porto.

as pesas monetarias do s. XV, ou mesmo a moeda máis violenta do Baixo Imperio Romano e as súas peculiaridades, así como un Obradoiro numismático para recoñecer moedas falsas, entre outros.

Libro

Pablo Núñez presentou o seu libro “Moneda medieval gallega”, unha edición que abarca toda a moeda de Galicia desde o século V ao século XV, isto é o seu período medieval, reflectindo 250 tipos e máis de 600 variantes, sobre un total de 2000 moedas estudadas. Practicamente a metade destas series galegas son de

rareza extrema, contabilizándose os exemplares coñecidos, o seu paradeiro, e imaxe de todos os existentes.

A gran novidade radica en que é un catálogo comentado, especialmente útil para o arqueólogo, numismático e investigador. Esta edición está prologada por Antonio Roma Valdés, un dos máximos expertos en moeda castelán-leonesa, e péchase cunha análise metalográfico de 59 exemplares, unha análise cuantitativa cun rexistro de case 2000 moedas, gráficos de proporcións, documentación gráfica, e finalmente unha selección bibliográfica.

Muras ten o maior número de aeroxeradores en Galicia

AXunta de Galicia achegou 383.300 euros ao Concello de Muras para a execución de diversas obras de infraestrutura e para reforzar os servizos municipais a través do Fondo de Compensación Ambiental que xestiona a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia.

Muras é o municipio que percibe a contía máis alta de Galicia na liña non competitiva do fondo, en base ao número de aeroxeradores e á lonxitude das liñas de enerxía eólica que acolle no seu territorio. De feito, Muras é o concello de Galicia con maior número de aeroxeradores, con 381, e con máis de 30 quilómetros de lonxitude de liñas.

O punto limpo foi habilitado con estas axudas nunha parcela municipal na parroquia de Irixoa. Aproveitouse unha nave existente e construíuse outro espazo con módulos prefabricados, ademais de reforzar o valado do recinto e executar os accesos para entrada e saída de vehículos, unha zona de recepción e control, outra para descarga de residuos a nivel superior e finalmente un espazo para carga a nivel inferior.

O Fondo de Compensación tamén financiou un proxecto de mellora de eficiencia enerxética que supuxo a reforma e ampliación da iluminación pública en núcleos rurais do municipio, utilizando lumi-

narias tipo LED. En concreto actuouse en case un centenar de puntos en seis parroquias do municipio: Balsa, San Pedro de Muras, O Viveiro, O Burgo, Irixoa e Silán e máis de 50 núcleos

Melloráronse os sistemas de desinfección na rede de abastecemento, construíndo o sistema para dotar de cloración ás augas de consumo humano da localidade. O Concello tamén adquiriu unha desbrozadora lateral para complementar o equipamento destinado á limpeza de vías e espazos naturais. Por outra banda, parte das achegas foron destinadas a contribuír cos gastos de persoal de varios servizos municipais.

Abraham Cupeiro ofrecerá concertos en 16 concellos

A Deputación desenvolverá unha programación cultural coa que o musicólogo Abraham Cupeiro realizará 20 accións en 16 concellos da provincia, para amosar o seu traballo de recuperación de instrumentos ancestrais. “Trátase dunha programación que inclúe actuacións en Viveiro, Chantada, Monforte de Lemos e Vilalba, onde ofrecerá concertos abertos ao público en xeral. Ademais, realizará outros 16 concertos didácticos en centros educativos da provincia, serán concertos pedagóxicos, no que viaxará cos escolares ao pasado máis remoto a través dos instrumentos de vento”, sinalou a deputada Pilar García Porto.

A deputada indicou que “con esta iniciativa damos a coñecer a nosa gran riqueza musical e as nosas tradicións, empregando unha gran colección de máis de 200 instrumentos de Cupeiro, que van dende unha pequena fruta de óso (46.000 a.C) ata un gran Sousaphone orixinal do século XIX. Na colección, están representados instrumentos de todas as familias, lugares e épocas”.

García Porto sinalou que “Cupeiro é un gran musicólogo que constrúe e fai soar instrumentos de máis de 2.000 anos como o ‘karnyx’, a gran trompeta céltica, ademais de traballar na recuperación de instrumentos ancestrais. Este sarriano, que conta cunha ampla formación musical, é capaz de interpretar melodías de distintas épocas con instrumentos moi antigos e complexos”. “Coincidindo coa celebración do Ano Europeo do Patrimonio, queremos levar aos centros educativos e ao público en xeral os sons ancestrais como o “karnyx”, unha trompeta celta de tres metros de lonxitude, rescatada hai poucos anos, ademais das cornas, coas que Abraham recupera unha tradición perdida en Galicia utilizando instrumentos orixinais”.



Multiinstrumentista

O musicólogo Abraham Cupeiro (Sarria, 1980), constrúe e fai soar instrumentos de fai máis de 2.000 anos como o “karnyx”, a gran trompeta céltica. É construtor e multiinstrumentista, ademais de traballar na recuperación de instrumentos perdidos no tempo, utilízalos para crear novas sonoridades e imbricalos en músicas alleas a eles. Estudou trompeta no Conservatorio Superior de Música de Madrid, e logo realizou un máster en Interpretación da Música Antiga na Universidade Autónoma de Barcelona. A súa formación é clásica, pero sempre se sentiu atraído por todo tipo de músicas.

Desde novo formou parte de grupos de folk, jazz ou música antiga. E como instrumentista, destaca por ser unha das poucas persoas que toca o Karnyx (trompeta celta da Idade de Ferro). Ademais é impulsor dun instrumento ancestral en Galicia: a corna. Instrumento que tocaba seu avó e que aparece nas iluminacións de Alfonso X.

O seu interese pola organoloxía, ciencia que estuda os instrumentos musicais e a súa clasificación, levoulle a conseguir unha colección de máis de 200 instrumentos de todo o mundo e de distintas épocas. Cupeiro recupera e constrúe diversos instrumentos, e interpreta con eles a súa música, e tamén a mestura con formacións modernas.

Superadas as expectativas do primeiro fin de semana do Bocaselas

As previsións do sector hostaleiro de Salceda resultaron insuficientes para atender aos centos de persoas que quixeron disfrutar da primeira fin de semana do Bocaselas. Tanto o venres como o sábado, os locais estiveron ategados de persoas, demostrando así o acerto desta nova proposta gastronómica que ven de nacer no municipio. Sen dúbida o bo tempo destes días contribuíu ao éxito do evento, que se espera continúe nos días restantes. O sector hostaleiro tomou boa nota, e aumentarán as previsións de cara ás vindeiras fins de semana para poder atender a todas as persoas que se acheguen a disfrutar do Bocaselas.

Un total de 15 locais participan nesta primeira ruta de bocadillos, que se celebrará os



venres e os sábados entre o 20 de abril e o 12 de maio (ambos incluídos). Establécense dúas rutas diferenciadas: unha para os venres con 9 locais participantes, e outra para os sábados na que son 6 os establecementos presentes, vendéndose os bocadillos ao prezo de 1,50 €, podendo acollerse en tódolos locais á oferta "bocatín + caña a 2,50 €".

Concello e sector hostaleiro van da man nesta nova iniciativa que tras a primeira fin de semana ven de demostrar que o público de Salceda e arredores volve dar unha resposta positiva, e tamén por iso se prevén premios para as persoas que degusten os bocatas en varios establecementos, e que entrarán no sorteo de vales de compra para consumir nos locais participantes.

VI Edición do Corre X Salceda

O vindeiro domingo 6 de maio Salceda de Caselas acollerá a VI edición da carreira popular que cada ano percorre o municipio, organizada pola Concelaría de Deportes en colaboración coas Escolas Deportivas.

Baixo o nome "Corre X Salceda", a proba servirá para que os participantes poidan coñecer os espazos naturais de Salceda, así como os diferentes tramos de sendas polos Ríos Caselas e Landres.

Para a categoría absoluta, con saída ás 10:30, os/as participantes poden elixir entre facer 5 ou 10 km. Os/as nados/as entre 2003 e 2005 terán un circuito de 2.500 metros, 1.000 metros para os/as nados/as entre 2.006 e 2.008, 500 metros para os/as nados/as entre 2.009 e 2.011, 150 metros para a categoría



"Pitufos A", que engloba aos nenos e nenas nados entre 2.012 e 2.014, e 100 metros para os "Pitufos B", nados en 2.015 e 2.016. Todas as categorías realizarán a súa saída dende a Praza do Concello. Ademais, no caso das categorías inferiores, todas elas contan con un percorrido accesible para persoas con mobilidade reducida.

Atletas chegados/as dende

toda a xeografía galega teñen confirmado xa a súa presenza nesta proba, que cada ano está contando con máis de 800 participantes. Para poder inscribirse pódese facer a través da páxina www.deportesalceda.gal, aboando unha cuota de 7 euros para as categorías absolutas, e coa aportación de produtos para o Programa de Alimentos Municipal as categorías inferiores.

Semana da Ciencia no IES Salvaterra de Miño

OXefe Territorial de Educación e a 1ª Tte de Alcalde do Concello de Salvaterra de Miño, Don Cesar Pérez Ares e Dona Marta Valcárcel Gómez, visitaron este xoves os traballos que están realizando os rapaces e rapazas do IES Salvaterra de Miño ao redor da Semana da Ciencia, que organiza o Centro e que conta coa que colabora o Concello

Sete días onde os alumnos e alumnas do IES realizan e ensinan a facer diferentes experimentos e accións aos seus compañeiros, e aos nenos e nenas de primaria do resto de centros do municipio que durante unhas horas visitan o centro e son tamén partícipes destas xornadas.

Todos os días da semana lévase a cabo a gravación en directo das actividades, obradoiros de papel reciclado e xabóns, accións de compra con sentidiño, concurso "lemas cos símbolos". Teñen ex-

posicións permanentes de libros, recursos naturais de Galicia, de compostaxe..., ademais da realización de diferentes experimentos e actividades, co fin único e exclusivo de ensinar divertíndose. Deste xeito tan ameno os alumnos e alumnas do centro poden por en práctica os coñecementos adquiridos e ver en vivo e en directo a súa aplicación, dunha forma moi didáctica e amena. Tamén hai cabida para conferencias de temas moi diversos, que van dende o noso monte, a doazón, a xeoloxía, a contaminación acústica e a compostaxe.

No día de hoxe podemos disfrutar de diferentes actividades como a mostra de robots con programación por bloques feita polos de 2º de Bacharelato, o concurso de mesturas, elaboraron pasta de dentes ecolóxica, vimos como destilaban e conseguían fragancias de eucalipto, de funcho... e a ciencia cerámica entre outros.



www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLANTICO

DIARIAS GALEGO-PORTUGUESES DA GALLICIA

Bienal de Cerveira: seleccionados 143 artistas de 26 países

O júri de selección do Concurso Internacional da XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira reuniu, no pasado día 14 de abril, para analizar 437 candidaturas e 717 obras de artistas oriundos de 43 países. No total foram escolhidas 162 obras de 143 artistas, que serán apresentadas ao público em Vila Nova de Cerveira, de 10 de agosto a 23 de setembro de 2018.

O júri de selección foi composto por artistas, investigadores e profesores do ensino superior da área da Arte contemporânea, nomeadamente: Albuquerque Mendes, António Olaio, Cabral Pinto, Jaime Silva, Ignacio Barcia Rodríguez, Miguel Carvalhais e Sandra Vieira Jürgens.

Segundo o coordenador artístico da XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira, “é de registar o acréscimo, em relação ao ano de 2017, de



111 autores e de 131 peças a concurso, o que comprova que os artistas querem comemorar os 40 anos connosco”.

O Castelo de Cerveira acolherá, assim, 162 obras de artistas de 26 nacionalidades, maioritariamente provenientes de países como Portugal, Brasil, Espanha, Perú e Rússia. De recordar que os trabalhos dos concorrentes, juntamente com outras obras de artistas convidados, estarão sujeitos aos Prémios

Câmara Municipal (Aquisição), num total de 20 mil euros.

A XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira, cujo tema é “Artes Plásticas Tradicionais e Artes Digitais – O Discurso da (Des)Ordem”, manterá o formato adotado desde a primeira edição (1978), afirmando-se como um local de encontro, debate e investigação de Arte Contemporânea, num programa concertado com o Ensino Superior das Artes a nível Europeu.

Aberto o prazo de inscrición no curso de escapatismo de «Eu Rural» na Guarda

O curso, dirixido a persoas emprendedoras e comerciantes do GDR 14, impartirase na Guarda nos meses de maio e xuño.

O programa «O ben feito, ben parece» promovido pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste «Eu Rural» comezará o seu itinerario formativo na Guarda o mes de maio, co obxectivo de axudar a crecer e mellorar ao comercio local.

O curso destínase aos comerciantes e emprendedores do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) 14 que desexen adquirir coñecementos sobre escapatismo, presentación de produtos, paquetería comercial e visual merchandising. Nesta liña, o itinerario formativo busca aportar e ampliar os coñecementos relacionados coa venda entre as persoas emprendedoras do rural e o comercio local xa existente, facéndoos máis

competitivos e atractivos para o consumidor.

A formación impartirase na Casa de Oficios da Guarda os días 23, 24, 25, 30 e 31 de maio e 1, 6, 7 e 8 de xuño entre as 16:30 e as 20:30 horas. Poderá participar calquera persoa que resida do territorio do GDR 14 (A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui), independentemente de que o concello no que resida non dispoña do curso. Así, as persoas interesadas deberán anotarse a través da páxina web da asociación.

A participación no curso «O ben feito, ben parece» é gratuíta. O itinerario formativo continuará nos concellos de Nigrán, Tomiño e Mos con formacións a impartir entre setembro de 2017 e maio de 2018.

Belesar celebra a XIII Festa do viño e das cereixas

Os días 2 e 3 de xuño celebrase en Belesar a XIII edición da “Feira do viño e das cereixas” organizada pola asociación Papeiros (Chantada) e Rabudos (O Saviñao). O sábado día 2 ás 10 de

mañá os dez produtores de cereixa e as catro adegas de viño abrirán os respectivos postos de venda. A unha da tarde inaugurarase a feira e, logo do pregón, entregaránse as distincións de “cofrades maiores do bó viño de Bele-

sar e Líncora”.

A pregoeira será a xornalista de Onda Cero Manuel Porto, boa coñecedora da Ribeira Sacra. O domingo ás 17,30 celebrase o certame de aturuxos a cargo de Papeiros e Rabudos.

Durante os dous días haberá festa campestre á beira esquerda do río Miño para degustar polbo e carne en distintas elaboracións. Orquestras e grupos musicais animarán a festa. Os colleiteiros de ce-



Ramón Porto presentando unha edición anterior.

reixa porán á venda o produto procedente de Santiago de Arriba, Cartemil, A Sariña, Belesar e San Pedro de Líncora. Durante a fin de semana estarán tamén abertos postos de artesanía, chacinería e queixos.

